



EXPTE. SUBTEL 2023000014752

ASUNTO:

INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO: INFORMES DE REPARO, INFORMES DE CONTROL FINANCEIRO E INFORMES DE AUDITORÍA DE CONTAS
(Art. 37 do Real decreto 424/2017, de 29 de abril e Resolución da IGAE de 2 de abril de 2020)
EXERCICIO 2022

DESTINO:
PLENO DA CORPORACIÓN.
CONSELLO DE CONTAS.
TRIBUNAL DE CUENTAS.
INTERVENCIÓN XERAL DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO (IGAE)

Co fin de darlle axeitado cumprimento ao disposto nos artigos 213 e 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (segundo redacción dada polo artigo 2 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade da Administración local), así como no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (Regulamento de control interno, RCIEL en adiante), seguindo as instrucións técnicas emitidas polo Interventor Xeral do Estado (IGAE) na resolución de 2 de abril de 2020, os funcionarios con habilitación de carácter nacional que exercemos as funcións reservadas de control interno, emitimos o seguinte **INFORME-RESUMO DO ÓRGANO INTERVENTOR sobre os resultados de control interno respecto da DEPUTACIÓN DE A CORUÑA (P1500000C), o ente adscrito CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA (V15859481) e a fundación adscrita FAEPAC (G70053087)**, por conformar todos eles esta entidade local e, xa que logo, estar integrados no ámbito de aplicación ao que se refire o artigo 2.2 de dito regulamento.

Cinguíndonos estritamente ao Anexo II da Resolución da IGAE de 2 de abril de 2020, o informe estrutúrase consonte aos seguintes apartados.



I. INTRODUCCIÓN: MARCO NORMATIVO E MODELO DE CONTROL

Os funcionarios actuantes, baixo a dirección e instrucións emanadas do Interventor xeral, seguindo os principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio (artigo 4 RCIEL) exercemos o control interno, comprensivo da función interventora e do control financeiro (artigo 3 RCIEL), no marco da lexislación administrativa e financeira de carácter xeral, en concreto, co modelo de actuación que se detalla no seguinte cadro:

1. FUNCIÓN INTERVENTORA ⁽¹⁾	A. GASTOS	<ul style="list-style-type: none"> Fiscalización previa plena exercendo a función interventora ou control de legalidade sobre todos os expedientes, mediante a comprobación de todos os requisitos e trámites esixidos polas Bases de execución do orzamento.
	B. INGRESOS	<ul style="list-style-type: none"> Fiscalización das devolucións de ingresos indebidos e propostas de resolución de recursos. Fiscalización previa dos ingresos con financiamento afectado.
	C. OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS	<ul style="list-style-type: none"> Fiscalización previa de todas as operacións que deron lugar a movementos nos conceptos non orzamentarios

¹ Esta función interventora, entendida como control de legalidade previa, está a ser exercida na Deputación e no ente adscrito Consorcio Provincial contra incendios e salvamento. No caso da FAEPAC, ao tratarse dunha entidade sometida ao réxime xurídico privado, non se leva a cabo fiscalización previa.



INTERVENCIÓN XERAL

<p>2. CONTROL FINANCEIRO</p>	<p>A. CONTROL PERMANENTE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Informe do Interventor xeral á Liquidación do Orzamento de 2021 • Informe do Interventor xeral ao Orzamento para o exercicio 2023 • Informe do Interventor xeral aos expedientes de modificación orzamentaria. • Informes de control financeiro posterior sobre a xestión dos ingresos correspondentes ao exercicio 2019 e ao exercicio 2020 • Informe de control financeiro sobre a xestión das zonas recadatorias (Acta da Comisión de control do 22 de setembro de 2022 en cumprimento da Resolución da Presidencia número 3566/2022, do 20 de xaneiro). • Informes emitidos pola secretaria-interventora do Consorcio a liquidación do orzamento de 2021 e ao proxecto de orzamento de 2022 • Informe de control permanente sobre o contrato de servizos de seguridade de inmobles, de 1 de abril de 2022, e dos contratos de limpeza de inmobles, de 15 de xuño de 2022 (un informe por cada un dos contratistas).
	<p>B. AUDITORÍA PÚBLICA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Informe de auditoría financeira sobre as contas anuais 2021 da FAEPAC • Informe IRCIA sobre a FAEPAC, complementario do de auditoría financeira • Informe de auditoría sobre a Conta anual de 2021 do Consorcio de loita contra incendios e salvamento • Informe IRCIA sobre o Consorcio, complementario do de auditoría financeira



INTERVENCIÓN XERAL

	<p>C. CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Execución do Plan de control financeiro sobre las subvencións pagadas a entidades non lucrativas no exercicio 2019 e remate das actuacións sobre las subvencións pagadas nos exercicios 2018. • Controis financeiros especiais sobre determinados expedientes nos que se apreciaron riscos singulares na fiscalización previa. • Controis financeiros derivados de ampliación de actuacións. • Controis financeiros de subvencións concedidas polos concellos de Arzúa, Boqueixón e Cee (por delegación)
--	--	---

II. ALCANCE.

Unha vez rematado o exercicio 2022, coa finalidade de que o Pleno da Corporación, os órganos de control externo e mesmo a Intervención xeral do Estado (IGAE) poidan coñecer o resultado desta actividade de control, trataremos de sintetizar a mesma en cada un dos seguintes apartados.

Ao mesmo tempo, ademais da explicación conclusiva das observacións, defectos e anomalías procedimentais que se apreciaron, na segunda parte do presente informe emítense algunhas recomendacións a ter en conta polas unidades xestoras e polos órganos con potestade de resolver, co fin de que no futuro non se volva a incorrer nestas circunstancias.

Como anexos do presente informe-resumo achégase a seguinte documentación:

- Anexo I: relación completa de reparos emitidos ao longo do exercicio 2022 (DEPUTACIÓN, -Apartado A- E CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO- APARTADO B).



- Anexo II: Informe definitivo de auditoría financeira sobre as contas anuais de 2021 da entidade adscrita FAEPAC
- Anexo III: Informe IRCIA sobre FAEPAC, complementario do de auditoría financeira
- Anexo IV: Informe de auditoría financeira sobre a Conta xeral do Consorcio provincial de loita contra incendios e salvamento correspondente ao exercicio 2021.
- Anexo V: Informe IRCIA sobre o Consorcio, complementario do de auditoría financeira
- Anexo VI: Estado de execución do Plan de control financeiro das subvencións.
- Anexo VII: Informe da Intervención xeral sobre a acción de fomento provincial no período 2012-2022.



III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

A. CONCLUSIÓNS.

1. **A fiscalización de gastos na propia Deputación Provincial: reparos ás propostas de subvencións nominativas e por facturas correspondentes a servizos realizados fóra dos prazos contractuais establecidos.**

Con carácter introdutorio e de forma sintética, cómpre informar de que a función interventora foi realizada sobre todos os expedientes de gasto tramitados ao longo do exercicio, segundo o detalle que se incorpora como anexo, **sen que se tivera tramitado ningún expediente no que se teña apreciado a falla de fiscalización previa, polo que non se emitiu ningún informe dos regulados no artigo 28 do RCIEL.**

Da información contable obtida a través do aplicativo SICALWIN-DIPUTACIÓN e que consta xa na liquidación do Orzamento de 2022, resulta que o gasto total comprometido no exercicio 2022 ascendeu a 353.379.142,96 euros, sendo a suma dos importes nos que se emitiu informe de reparo de 10.354.849,49 euros. Polo tanto, porcentualmente o gasto que foi cuestionado no exercicio do control de legalidade previo foi do 2,93 por cento sobre o total disposto na execución de gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, transferencias correntes e de capital.

Ao longo do exercicio 2022 o órgano interventor ten emitido **128 informes de reparo**, correspondentes a outros tantos expedientes de gasto nos que se apreciaron as irregularidades procedimentais que se comentarán por agrupación temática deseguido, resolvéndose polo órgano competente a aprobación do expediente, co conseguinte compromiso de gasto ou o recoñecemento da obriga, malia o informe negativo co que se rematou a fiscalización previa do expediente.

**INTERVENCIÓN XERAL**

Se estes datos se comparan cos presentados informe-resumo de similar contido que se presentou ao Pleno respecto dos exercicios 2020 e 2021, tal como se pode observar no cadro seguinte, **apréciase un incremento do número de reparos, así coma do importe total de gasto que incurriu nesta irregularidade procedimental e tamén da súa importancia relativa** con respecto ao gasto total comprometido no exercicio, sendo o gasto reparado do 2,93 por cento fronte ao 1,2 do exercicio 2021 e ao 1,5 no 2020.

EJERCICIO	Nº DE REPAROS	GASTO TOTAL REPARADO	PORCENTAXE SOBRE GASTO COMPROMETIDO
2020	52	4.511,223,29	1,5
2021	63	3.879.983,34	1,2
2022	128	10.354.849,49	2,93

Xa dende un punto de vista analítico, **a maior parte dos reparos formuláronse con carácter previo á concesión de subvencións nominativas (por incumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións para este procedemento excepcional ou por vulnerar o principio de imputación temporal de gastos, subvencionándose actividades xa realizadas nun exercicio anterior)**. Estes reparos teñen afectado á fase de compromiso de gasto, sendo o Pleno da Corporación o órgano competente para a resolución da discrepancia. En total, dos 128 reparos emitidos, 104 tiveron como motivo esta ausencia de xustificación das subvenciones nominativas, afectando a compromisos de gasto por importe total de 9.715.786,10 euros, o que representa o 94,4 por cento do gasto reparado e o 2,74 por cento do gasto comprometido ao longo do exercicio.

Cunha importancia cualitativa e cuantitativa menor, foron reparados 24 expedientes de gasto que afectaron a outras tantas facturas, cun importe acumulado de 579,063,39 euros, o que representa o 5,6 por cento do gasto reparado e o 0,64 por cento do gasto total comprometido.



Con respecto a estes gastos derivados de facturas recibidas ao longo do exercicio, cómpre facer unha análise máis detallada ca feita en exercicios anteriores, pois non se trata só do reparo xa típico de expedientes de gasto que recollen facturas recibidas fóra do período contractual, senón que hai dous reparos (números 116 e 120) nos que este órgano advirte de que a natureza do gasto non é contractual (non se aprecia un “*do ut des*” ou un “*do ut facies*”, isto é, a realización dunha prestación necesaria para os fins institucionais da Deputación), senón que o que se está a facer é outorgar directamente e sen procedemento previo unha subvención nominativa para unha actividade promovida por un terceiro, o que deriva na nulidade radical das resolucións ditadas nestes dous casos.

2. A fiscalización de gastos no Consorcio Provincial contra incendios e salvamento.

Polo que atinxe ao ente adscrito Consorcio Provincial contra incendios e salvamento, a función interventora na xestión e execución dos gastos foi realizada pola funcionaria da subescala de secretaría-intervención nomeada en réxime de acumulación de funcións para cubrir o posto de traballo reservado a tal subescala na RPT do organismo, ao estar aínda pendente a adaptación da mesma ao disposto no Capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público; con todo, dita funcionaria realizou o labor fiscalizador seguindo os criterios e instrucións emitido polo Interventor xeral, ao ser o Consorcio un ente adscrito a esta Deputación..

Ao longo do exercicio 2022, como resultado do exercicio da función interventora no Consorcio téñense emitido 18 informes de reparo suspensivo, **ascendendo o gasto reparado ao importe de 784.533,79 euros**, o que dende o punto de vista da importancia relativa acada o **9,10 por cento do gasto comprometido** no exercicio de referencia.



INTERVENCIÓN XERAL

Polo demais, agás dous reparos que afecten a gastos de persoal de contía moi escasa, os 16 restantes están todos referidos a contratos a gastos de servizos e subministracións que foron contraídos sen tramitarse o necesario expediente de contratación, de acordo cos principios de publicidade e liberdade de acceso ás licitacións, seguindo o procedemento ordinario establecido na Lei 9/2017, de Contratos do sector público.

Trátase, iso si, tanto de subministracións e servizos necesarios para o funcionario ordinario do servizo público, mais precisamente polo seu carácter recorrente ou de prestación sucesiva, non poden acollerse á tramitación de simples contratos menores, senón que se require a preparación, adxudicación e formalización dun contrato, logo de seguirse un procedemento ordinario de contratación con respecto aos principios indicados, co fin de garantir a selección da oferta máis vantaxosa para o interese público.

En síntese, segue a observarse a debilidade da área de contratación no Consorcio, malia a terse encomendado a tramitación da fase de licitación á propia Deputación, a través da Plataforma de contratación do Sector público, mais de momento, só se ten coñecemento de que se teñan enviado dous expedientes completos para seren licitados publicamente.

3. A fiscalización previa de ingresos: comprobación da legalidade e regularidade da xestión.

Este ámbito da xestión económica abrangue dous apartados diferenciados: por unha banda, o control da xestión de recursos de outros entes públicos para os que a Deputación realiza a función de xestión, inspección e recadación (nalgúns casos só esta última); por outra, o control dos recursos propios da Corporación.



INTERVENCIÓN XERAL

No exercicio da función interventora ou fiscalización de legalidade previa (expedientes de devolución de ingresos indebidos e recursos), todos os expedientes sometidos a este control teñen recibido informe favorable da Intervención, o que manifesta o rigor xurídico-técnico co que se están xestionando os ingresos polos servizos correspondentes.

4. O control permanente.

4.1. Informe á liquidación do orzamento de 2021.

Con data de 24 de xaneiro de 2022, o interventor xeral emitiu o preceptivo informe á liquidación do Orzamento de 2021², do que se poden resaltar como datos significativos os seguintes:

- O resultado orzamentario axustado ascendeu a 49.917.274,93 euros.
- O Remanente de tesourería total estimouse en 318.328.920,65 euros, do que a meirande parte podía destinarse a gastos xerais; en concreto 314.362.827,57 euros.
- A entidade cumpría o obxectivo de estabilidade orzamentaria nesta liquidación, cunha capacidade de financiamento de 5.564.984,99 euros.
- Tamén se cumpría coa regra de gasto cunha marxe de 23.166.776,90 euros.
- O Período medio de pago a provedores en dito exercicio foi de 14.36 días, cumpríndose xa que logo co prazo legal.

4.2. Informes ás modificacións orzamentarias realizadas no exercicio.

² Pode verse o informe completo n seguinte enlace:
https://www.dacoruna.gal/files/6216/4794/6127/Informe_Intervencion.pdf



A longo do exercicio 2022 foron tramitados 34 expedientes de modificacións orzamentarias, sendo todos informados previamente polo Interventor xeral. Nos informes emitidos verificouse o cumprimento efectivo dos requisitos legais e regulamentarios para que procedera a aprobación de cada un deles, velándose polo cumprimento da efectiva nivelación orzamentaria.

Dentro do conxunto das modificacións orzamentarias aprobadas, cómpre facer especial referencia a 2 expedientes que foron aprobados polo Pleno da Corporación (dos 7 expedientes de aprobación plenaria tramitados no exercicio), nos que se dotaban novos créditos para atender a concesión de posibles subvencións nominativas. En ditos informes advertíase de que no expediente non constaban os antecedentes necesarios para valorar a excepcionalidade das subvencións nominativas para las que se dotaban créditos, polo que xa se anticipaba que, no caso de que no expediente que se tramitara para o efecto non se incorporaran ditos antecedentes e non se motivara debidamente a proposta de concesión, nos termos esixidos pola Ordenanza xeral de subvencións, o informe a emitir no seu momento en cada un dos expedientes nos que se apreciase dita eiva tería o carácter de reparo suspensivo.

4.3. Informe ao Orzamento xeral para o exercicio 2023.

Con carácter previo á aprobación inicial do Orzamento xeral para o exercicio 2023, o interventor xeral emitiu o preceptivo informe deste órgano³, no que analizou o contido do orzamento e os distintos documentos que integran o expediente.

³ O contido íntegro do informe pode consultar en
https://www.dacoruna.gal/files/1916/7352/4598/Informe_Intervencion.pdf



INTERVENCIÓN XERAL

Malia que neste exercicio seguen a estar suspendidas as regras fiscais de estabilidade orzamentaria e regra de gasto (Acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022 e Acordo do Congreso dos Deputados de 29 de setembro de 2022), no citado informe cuantifícase a magnitude de estabilidade orzamentaria e realízase unha estimación da variación do gasto computable, concluíndose preventivamente que de executarse a totalidade das dotacións de gasto previstas precisaríase dunha necesidade de financiamento de 41.819.559,12 euros (mais a nivel consolidado quedaríase en 36.201.901,77 euros ao compensar a capacidade de financiamento do Consorcio) e incumpriríase a Regra de gasto nun importe de 71.926.161,13 euros.

4.5. O control permanente no Consorcio provincial de loita contra incendios e salvamento.

Ao igual que na propia Deputación, tamén neste ente adscrito se levou a cabo o control permanente, complementario da función interventora xa exposta nun apartado anterior. Dito control concretouse en dous informes de significativa relevancia que se comentan deseguido, emitidos pola secretaria-interventora

- O informe emitido á liquidación do Orzamento de 2021 (para o efecto das magnitudes e cumprimento das regras fiscais, os datos xa están integrados nos comentarios á liquidación do Orzamento da Deputación).
- O informe previo á aprobación del Orzamento para o exercicio 2023.

5. O control financeiro posterior dos ingresos.

Ao longo do exercicio 2022 continuase coa fiscalización “*a posteriori*” dos ingresos, tanto propios como os xestionados por delegación dos concellos e doutros entes públicos, concretándose esta tarefa na realización dos seguintes expedientes:



Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

- **Baixas por insolvencia e derivacións de responsabilidade do exercicio 2021:** Seleccionáronse 15 expedientes do universo de 2.827 expedientes. Emitiuse informe de conformidade.
- **Fiscalización posterior de taxas e outros ingresos de Dereito Público:** Dun universo de 43.102 expedientes, escolléronse ao chou 15, non resultan anomalía ningunha dos expedientes comprobados.
- No tocante aos **recursos propios da Deputación**, dun universo de 7.893 expedientes tramitados en 2021, a escolla recaeu en 15 expedientes, sen que se detectasen incidencias significativas.
- **Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana:** sobre 14.849 expedientes, comprobáronse 15, emitíndose informe de conformidade.
- **Multas de tráfico:** Da xestión de 25.966 expedientes, na mostra de 15 escolleitos tampouco se atopou ningunha incidencia.
- **Imposto sobre Bens Inmобles:** analizáronse 15 expedientes sobre un universo de 780.307 expedientes (liquidacións por alta, recibos de padróns, bonificacións e exencións). Non se atopou irregularidade ou anomalía ningunha.
- **Imposto sobre Actividades Económicas:** igual revisión de 15 expedientes escolleitos sobre un universo de 7.759 expedientes (altas, baixas, recibos): non se atoparon incidencias significativas.
- **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM):** 15 expedientes revisados respecto dun universo integrado por 430.304 expedientes. Non se apreciou deficiencia ou irregularidade ningunha.



INTERVENCIÓN XERAL

Xa que logo, neste ámbito de control interno séguese a manter a opinión expresada xa en exercicios anteriores, concluíndo que os Servizos de xestión tributaria, inspección e recadación realizan a súa función de acordo coa lexislación administrativa e tributaria que resulta de aplicación.

6. O control financeiro de subvencións.

Con data de 18 de maio de 2022 foi aprobado polo Interventor xeral o Plan parcial de control financeiro sobre as subvencións pagadas no exercicio 2019, coa inclusión dos elementos de risco apreciados no exercicio da fiscalización previa ao longo do exercicio 2022. Segundo o previsto no propio plan foi seleccionada unha mostraxe de 66 expedientes, engadíndose 3 adicionais correspondentes aos elementos de risco apreciados polas unidades xestoras e comunicadas oportunamente a este órgano.

Paralelamente, seguiuuse coa tramitación e rematouse o Plan de control financeiro aprobado no exercicio 2021, con respecto ás subvencións pagadas nos exercicios 2018 e de xeito sucesivo, fóronse tramitando no Negociado de Control financeiro e auditoría os expedientes de reintegro e de carácter sancionador derivados das actuacións de control financeiro realizadas.

Nos informes que se foron emitindo neste período (o cadro-resumo dos expedientes tramitados recóllese no Anexo VI), séguense a apreciar as mesmas irregularidades que en anos anteriores, podéndose referir de xeito sintético as máis importantes:

**INTERVENCIÓN XERAL**

- Falla de declaración de parte ou de todos os ingresos concorrentes coa subvención provincial, obténdose un exceso de financiamento para a actividade, o que deriva nun reintegro total ou parcial, apreciándose a comisión dunha infracción grave. Obsérvese que, cando se produce esta irregularidade, existe claro prexuízo económico para esta administración, xa que se conculca a regra de que o conxunto de ingresos afectados a unha actividade ou proxecto subvencionado non pode superar en ningún caso o seu custo (artigo 19.3 LXS), dando lugar ao reintegro do exceso producido (artigo 37.3 LXS).
- Presentación como xustificantes de gasto de facturas falseadas, impagadas ou non declaradas fiscalmente: reintegro parcial e infracción grave.
- Subcontratación con entidades vinculadas: eliminación do gasto subvencionable e infracción leve por conta xustificativa inexacta.
- Subcontratación da totalidade ou parte da actividade, sen que estivera permitida nas Bases do programa de subvencións ou, no seu caso, no convenio regulador da subvención: non consideración do gasto subcontratado como gasto e conseguinte reintegro parcial da subvención.
- Presentación de contas xustificativas incompletas ou inexactas: infracción leve.
- Falla de contabilidade ou deficiencias no seu seguimento: infracción leve.

Complementariamente, logo do control financeiro de subvencións, a Intervención asume a tramitación dos procedementos de reintegro e sancionadores propostos nos informes definitivos, tal como se detalla no anexo V ao presente informe. Todos os procedementos foron tramitados en prazo e consonte aos criterio inicial ou, no seu caso, modificado á vista das alegacións presentadas, por este órgano interventor.



INTERVENCIÓN XERAL

Agora ben, co carácter de incidencia e observación crítica, hai que comentar o acaecido nun expediente sancionador derivado dun control financeiro de desconformidade, que se tramitou no Negociado de Control financeiro e auditoría pública por segunda vez, logo de que no primeiro expediente se tivese producido a caducidade por paralización do mesmo na fase sancionadora que lle compete á Presidencia.

Naquel expediente, logo de emitirse a proposta de resolución pola funcionaria instrutora -e conformada por este órgano interventor-, cualificándose a conduta como infracción grave pola falla de declaración de todos os ingresos obtidos para a mesma finalidade e cuantificándose a mesma en 40.364,81 euros, -cantidade coincidente co importe do prexuízo económico causado a esta Administración derivado do expediente de reintegro e confirmado posteriormente por sentenza xudicial firme-, o expediente foi remitido á Presidencia, para o efecto de que este órgano procedese ao exercicio da potestade sancionadora, de acordo co criterio establecido no informe de control financeiro emitido por este órgano -cualificación da conduta como infracción grave-; con todo, xa na fase sancionadora do procedemento e á vista das novas alegacións presentadas pola entidade interesada, a Presidencia pediu informes complementarios á unidade xestora e ao Servizo de asesoría xurídica e, con fundamento nos mesmos, ditou unha resolución na que a infracción foi cualificada como leve (presentación de conta xustificativa inexacta), téndose imposto finalmente unha multa pecuniaria fixa de 900 euros.

Por outra banda, cómpre informar de que, como consecuencia dun dos expedientes de control financeiro finalizados no exercicio 2022, este órgano interventor remitiu copia do mesmo á Fiscalía da Audiencia Provincial, en cumprimento do disposto no artigo 5.2 do RCIEL e ao terse apreciado a comisión dun delito de fraude de subvencións en concurso medial con outro de falsidade documental. Unha vez recibido o informe, a fiscalía presentou denuncia ante o órgano xurisdiccional competente, no que actualmente se tramitan dilixencias previas.



INTERVENCIÓN XERAL

Asemade, noutro expediente tamén se considerou a posible existencia dun delito de fraude de subvencións, na súa modalidade atenuada do artigo 308 do Código Penal –logo de terse rebaixado a condición obxectiva de punibilidade ata os 10.000 euros pola Lei orgánica 1/2019, de 20 de febreiro, para traspor ao Ordenamento xurídico interno a Directiva UE 2017/371, do Parlamento europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2017, de protección dos intereses financeiros da UE a través do Dereito Penal-; con todo, solicitado un informe sobre este asunto á Asesoría xurídica, dito Servizo considerou a conduta de escasa relevancia dende o punto de vista penal, polo que non se chegou a remitir este informe ao Ministerio fiscal.



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL

B. RECOMENDACIÓNS.

Logo de terse resumido a actividade de control interno realizada sobre o conxunto da actividade económico-financeira e á vista das conclusións obtidas no exercicio do control interno sobre o conxunto da actividade económico-financiera realizada polas tres entidades con personalidade xurídica propia que integran esta entidade local, dun xeito sucinto emítense as seguintes recomendacións.

1. Respecto da actividade da Deputación Provincial.

- A recondución da meirande parte das subvencións nominativas que se tramitan e se conceden polo Pleno da Corporación a programas que segan o procedemento ordinario de publicidade e concorrencia competitiva, tal como establece a Lei xeral de Subvencións e a Lei de Subvencións de Galicia e, asemade, como ten recomendado o Consello de Contas no informe de fiscalización da acción de fomento desta Deputación no período 2003-2019.
- En concreto, que a cooperación económica cos concellos e demais entidades locais da Provincia se integre totalmente no Plan de Obras e servizos que se aproba anualmente, pois tense constatado que as obras e servizos que se fomentan mediante a concesión de subvencións nominativas poderían incardinarse dentro do POS, ao non ter singularidade ningunha, tal como advertiu tamén o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización emitido sobre a acción de fomento provincial no período 2003-2019.



INTERVENCIÓN XERAL

- De igual xeito, a recondución a programas de concorrencia competitiva da meirande parte das subvencións nominativas a prol de entidades privadas sen ánimo de lucro, así coma a cooperación económica coas universidades públicas que desenvolven a súa actividade académica, científica e cultural no marco territorial da Provincia da Coruña.
- En todo caso, o cumprimento do requisito de temporalidade previsto no Texto refundido de la Lei reguladora das Facendas locais, tal como estaba concretado no artigo 4.3 da redacción orixinaria da Ordenanza xeral de subvencións (precepto derogado na modificación posterior aprobada polo Pleno da Corporación no exercicio 2021). En concreto, non pode haber acción de fomento para actividades que xa foron realizadas nun exercicio anterior ao da solicitude de posterior concesión da subvención, pois dende o punto de vista económico e contable o único efecto que se consegue é a compensación ou minoración de perdas, sen que se produza efecto incentivador ningún sobre a actividade ou proxecto.
- E para as situacións nas que efectivamente se poida apreciar o seu carácter excepcional ou singular, ao non existir programa no que incardinar a acción de fomento provincial, o estrito cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 16 de la Ordenanza xeneral de subvenciones.
- No tocante á contratación, o mantemento da práctica actual de seguir o procedemento ordinario, con publicidade e concorrencia, na meirande parte dos expedientes. E xa, dende o punto de vista temporal, o cumprimento estrito do Plan de contratación anual aprobado, de xeito que non exista o risco de que determinadas prestacións queden fóra dos prazos contractuais establecidos en cada caso.



- Polo que atinxe á tramitación dos contratos menores segundo a regulación contida nas Bases de execución do Orzamento. Para este efecto, debe lembrarse que a finalidade da base 28.2 é asegurar tanto que os procedementos seleccionados se adecúen ás **finalidades e necesidades de interese público** perseguidas co contrato, como que os **prezos dos contratos sexan axeitados a prezos de mercado**, posibilitando esta finalidade mediante a utilización de procedementos que permitiran presentar ofertas a empresas con capacidade de realizar a prestación. Así, cando se establece na dita base "*Indicación de, polo menos, tres empresas*", debe considerarse que esta limitación cuantitativa é aplicable a casos de urxencia ou cando se trata de traballos moi específicos e con pouca oferta non mercado. No resto dos casos sería recomendábel solicitar un maior número de ofertas ou optar pola publicación do contrato non perfil do contratante, o que se considera a maneira máis axeitada de garantir a publicidade e transparencia dos procedementos (contribuíndo ademais a desbotar eventuais riscos relativos ás actuacións preparatorias dos contratos relacionados polo Consello de Contas no seu "*Catálogo de riscos de xestión en materia de contratación*").
- E, como novidade respecto do exercicio anterior, á vista de dous importantes reparos ao respecto da actividade contractual, faise necesario recomendar que non se utilice o procedemento contractual cando o que realmente se pretende é a concesión dunha subvención para fomentar unha actividade ou proxecto, cuxa orixe e produción está no sector privado. Prodúcese nestes casos un auténtico fraude de lei, ao utilizar a Lei contractual como normativa de cobertura, cando no fondo real ou substrato de operación lateza a idea de promocionar un evento de carácter privado.



INTERVENCIÓN XERAL

- Polo que atinxe á tramitación de expedientes sancionadores derivados de control financeiro, hase de recomendar que na fase sancionadora se manteñan os criterios para aplicación das sancións que con carácter xeral vén utilizando esta Administración, tipificando como infracción grave a non declaración doutros ingresos ou recursos obtidos para a mesma finalidade para a que se concedeu a subvención, sempre que se produza prexuízo económico para o erario público, isto é, cando se aprecia no expediente un exceso de financiamento e, xa que logo, un necesario e preceptivo reintegro de dito exceso.

2. Respecto do Consorcio de loita contra incendios e salvamento.

Logo do informe de auditoría con opinión modificada e desfavorable emitido sobre as contas anuais do exercicio 2020, o Pleno do Consorcio xa aprobou un Plan de acción para corrixir as eivas apreciadas naquel informe. Dito Plan foi informado favorablemente por este órgano interventor, polo que por segundo ano consecutivo a recomendación que agora se renova é o cumprimento daquel Plan de acción aprobado e a convocatoria da comisión de seguimento creado para o seu impulso. E neste apartado, de novo ha de destacarse especialmente a necesidade de que se proceda á adaptación dos estatutos da entidade ás disposicións contidas no Capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público, para darlle exacto cumprimento á legalidade vixente en materia de consorcios, na súa condición de entes adscritos a unha entidade local.

Por outra banda, ha de mellorarse a xestión e contabilización dos ingresos derivados da taxa pola prestación de servizos, para que se xire a liquidación en todos os feitos impoñibles que se produzan e a contabilidade reflicte fielmente os dereitos pendentes de cobro. Tamén se necesita seguir traballando na xestión patrimonial de xeito que o inventario e os correspondentes rexistros contábeis queden perfectamente conciliados coa titularidade real de bens e dereitos.



3. **Respecto da Fundación FAEPAC.**

Reitérase a conveniencia de tomar a decisión de disolver a Fundación pola desproporción e falla de eficiencia que supón o mantemento desta entidade, dotada de medios persoais e materiais, coa única finalidade de prestar un servizo máis a prol de determinados concellos, sendo que esta actividade ben podería integrarse como tarefa propia dalgún dos servizos da Deputación.

A entidade foi creada coa participación de entidades privadas e da mesma Comunidade autónoma, mais actualmente estas xa non participan no seu funcionamento, polo que non se aprecia o interese público de manter unha fundación privada que se nutre na súa meirande parte coas transferencias correntes da Deputación e dos concellos partícipes.

IV. **DEFICIENCIAS QUE REQUIREN DUN PLAN DE ACCIÓN.**

Despois de expostas as conclusións e recomendacións dos apartados anteriores, o órgano interventor entende que a Presidencia deberá elaborar un Plan de acción, de conformidade co disposto no artigo 38 do RCIEL, co fin de corrixir as deficiencias que se foron apuntando de xeito sucinto no apartado de conclusións e incorporando as medidas expostas no apartado de recomendacións.

En concreto, a xuízo de este órgano, o Plan de acción deberá concretar as seguintes medidas:



Primeira.- referidas á propia Deputación:

- A incorporación de toda a actividade de fomento a prol dos concellos e doutras entidades locais no Plan de obras e servizos que se vén aprobando anualmente, coa fixación de criterios obxetivos e plenamente regulados para a distribución dos fondos que sexan asignados. Na regulación de ditos criterios hanse de tomar en consideración as recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia, logo do seu informe sobre os Plans Provinciais de Obras e Servizos desta Deputación non período 2013-2019.
- No seu caso, para actividades moi singulares que poidan levarse a cabo en cada concello, a aprobación dun programa de subvencións a prol dos concellos no que cada un deles poida presentar a súa solicitude de financiamento para esta actividade singular e específica.
- Polo demais, o cumprimento estrito da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias aprobada polo Pleno de la Corporación, singularmente no tocante á tramitación e concesión das subvencións nominativas.

Segunda.- Medidas referidas ao Consorcio provincial contra incendios e salvamento:

Xa foi aprobado polo Pleno da entidade un Plan de acción, no que se recollen as recomendacións deste órgano interventor.



Terceira.- Medidas referidas á Fundación FAEPAC.

- A medida xa está exposta en informes anteriores: a extinción e liquidación da entidade, estudando previamente a situación dos seus medios persoais e materiais.

De conformidade co disposto no artigo 38.2 do RCIEL, o **Plan de acción** que se propón deberá elaborarse no **prazo máximo de tres meses** dende a remisión deste informe-resumo ao Pleno da Corporación e debe conter as medidas correctoras que se van a adoptar, as persoas responsables para a súa execución e o calendario das actuacións a realizar, referido tanto á propia Deputación como ao ente dependente FAEPAC (como xa se dixo anteriormente, o Plan de acción do Consorcio xa está aprobado e en execución). Con carácter previo á remisión do Plan ao Pleno da Corporación, deberá ser informado por este órgano interventor.

V. VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN APROBADO POLA PRESIDENCIA NO EXERCICIO 2022.

Xa no derradeiro apartado de este informe-resumo, conforme ás normas técnicas emanadas da IGAE, procede facer unha valoración do Plan de acción que foi elaborado pola Presidencia en decembro de 2022 e aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar xa en xaneiro de 2023.

En primeiro lugar, cómpre advertir que na aprobación deste Plan non se ten cumprido o prazo máximo de tres meses establecido no artigo 38 do RCIEL, dado que sendo presentado o informe-resumo das actuacións de control interno na sesión plenaria de febreiro de 2022, o Plan de acción tería que terse aprobado antes do 31 de maio de 2023; mais non se observou dito prazo, pois o documento de aprobación do Plan pola Presidencia está asinado o día 23 de decembro de 2022 e, posteriormente, foi presentado ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do pasado mes de xaneiro de 2023.



En segundo lugar, no tocante ao seu contido, coincídese coa Presidencia na idea introdutoria de que a aprobación do Plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude que vén de aprobar o Pleno da Corporación na sesión de 23 de xuño de 2022 resulta ser o paradigma de referencia para toda a xestión administrativa e económica, así como o recordatorio do Código de Bo goberno da FEMP que se insire neste Plan PREMADECOR.

Mais na parte nuclear do Plan de acción, só se recollen tres medidas de cara á corrixir as deficiencias, incumprimentos legais e observacións críticas expostas nos informes desta Intervención, tanto no ámbito da función interventora coma no exercicio do control financeiro. En concreto, as tres medidas están referidas ao pleno cumprimento normativo na concesión de subvencións nominativas (medida xa incorporada en plans anteriores, mais sistematicamente incumplida, tal como amosan os 104 informes de reparo emitidos no exercicio 2022 referidos a este asunto), a modificación regulamentaria e mellor cooperación do servizo de Biblioteca provincial e a creación dunha comisión para estudar a extinción e liquidación da FAEPAC.

Fóra desas tres medidas expostas, para as que non se fixan datas concretas para a súa implantación, a parte dispositiva do Plan non presenta acción ningunha para corrixir as máis graves deficiencias observadas por este órgano interventor e que atinxen ao Pazo de Mariñán e ao servizo de Imprenta provincial, tal como de xeito sucinto e esquemático se explica no seguinte cadro:



MEDIDA	CUMPRIMENTO SÍ/NON	OBSERVACIÓNS
1ª O Pazo de Marián: creación cunha comisión político-técnica para a regulamentación do servizo público, forma de prestación e cumprimento do fin social estipulado polo benefactor	NON	Xa estaba incluído no Plan de acción de 2020, non realizándose actuación ningunha ao respecto. No Plan de acción non se fixou un prazo determinado para esta actuación.
2ª A imprenta provincial: regulamentación deste servizo e financiamento do mesmo	NON	Estaba previsto ter creada a comisión e aprobado un novo regulamento antes de que rematase o exercicio 2021
3ª.- Biblioteca provincial: aprobación dun novo regulamento e regulación da cooperación coas bibliotecas municipais	PENDENTE DE CUMPRIMENTO	Estaba previsto aprobar un novo regulamento no prazo de tres meses. No Plan de Acción de 2022 propónse o seu cumprimento, pero segue pendente de aplicar a día de hoxe.
4ª.- Mellora da xestión de subvencións nominativas: creación de novos programas de subvencións para actividades singulares dos concellos, para universidades, para institucións que traballan a prol da normalización lingüística. Compromiso de non conceder subvencións para actividades xa rematadas no momento de presentarse a solicitude de subvención.	CUMPRIMENTO PARCIAL	O Plan da Presidencia non propón a creación de programas de subvencións para os ámbitos nos que traballan as universidades e as institucións en materia de normalización lingüística. Tampouco se asume o compromiso de non conceder subvencións para actividades xa rematadas no momento de presentarse a solicitude.
5ª.- Respecto da actividade contractual: cumprimento do Plan anual de contratación.	SI	Apróbase anualmente un Plan de contratación e procúrase tramitar os novos expedientes de contratación para que non quede ningunha prestación fóra dos prazos de vixencia dos correspondentes contratos.
6ª.- Medidas respecto do Consorcio Provincial de loita contra incendios e salvamento	SI	Aprobouse un Plan de acción polo Pleno do Consorcio, que agora está en execución. Deberá convocarse a comisión de seguimento para darlle un novo impulso ás medidas aprobadas. En concreto, urxe a adaptación dos estatutos á regulación contida na Lei 40/2015 (LRXSP).
7ª.- Medida respecto á FAEPAC	SI	No Plan da Presidencia non se fixa unha data para a creación da comisión que analice a posible disolución e liquidación da entidade, quedando indeterminado o prazo na expresión "o máis axiña posible"



O presente informe deberá ser elevado ao Pleno de la Corporación – previo ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas-, para que tome coñecemento do mesmo nun punto separado da orde do día. Posteriormente será remitido ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia, mediante a información que se envía a través da plataforma www.rendiciondecuentas.es. Simultaneamente, tamén será remitido á Intervención xeral do Estado (IGAE) a través da Plataforma RECIL integrada na oficina virtual deste órgano directivo da Administración do Estado.

A Coruña, 9 de marzo de 2023

Os Interventores adxuntos,
Marcial Rodríguez Toajas,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O viceinterventor,
José María Pérez Alvariño.

O Interventor xeral,
José Manuel Pardellas Rivera

ANEXO I-A. RELACIÓN DE ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS- DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

Entidad	Ejercicio	Número de Expediente
Diputación Provincial A Coruña	2022	2018000026572
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	43.080,82
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000006188
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	488.026,92
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000006210
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	214.217,86
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000027316
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	40.000,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000034304
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	70.000,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000034501
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	71.998,87
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000034503
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	149.761,13
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000034583
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	162.104,08
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000034589
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	20.077,84
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000034592
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	45.923,94
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038303
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	74.880,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038307
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	79.969,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038323
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	26.400,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038361

Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	70.000,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038370
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	88.616,70
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038374
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Subvenciones	En régimen de concesión directa	100.000,00
Diputación Provincial A Coruña	2022	2021000038390
Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Importe
Tal como se adiantou no epígrafe anterior, emítase unha opinión modificada polas seguintes deficiencias que se teñen atopado e que se van numerando en sub-epígrafes separados, tendo todas elas o carácter de incorrección material non xeralizada.

1. **A omisión da contabilización de recoñecemento de dereitos da taxa pola prestación de servizos de extinción de incendios por importe de 45.875,31 euros.**

No proceso analítico seguido para a comprobación dos saldos de dereitos pendentes de cobro, detectouse a omisión de contabilización do Decreto da Presidencia número 277/2021, de 11 de novembro de 2021, polo que se aprobaban liquidacións da taxa polo prestación do servizo de extinción de incendios por un importe total de 45.875,31 euros. Esta falla de contabilización produce unha incorrección material nas seguintes contas e estados:

² Na emisión da opinión e no seu fundamento seguimos a NIA-ES-SP 1705 R.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

- As columnas de dereitos recoñecidos totais, dereitos recoñecidos netos e pendentes de cobro da aplicación orzamentaria 31900, na Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- O importe que figura na Conta 740, dentro do epígrafe de ingresos tributarios, da Conta do resultado económico-patrimonial. O resultado da xestión ordinaria que ofrece este estado tería que incrementarse polo importe omitido, sendo entón de 1.523.153,55 euros, no canto de 1.477.278,24 euros. En similar importe tería que corrixirse á alza o resultado do exercicio, pasando a ser este de 1.490.342,21 euros.
- De igual xeito, a omisión afecta ao Resultado orzamentario total e ao Resultado orzamentario axustado, cifras que deberían incrementarse no importe omitido, acadando os importes de 1.768.491,95 e 1.289.543,46, respectivamente.
- Os dereitos pendentes de cobro ao final do exercicio tamén deben incrementarse no importe omitido na contabilización do recoñecemento deste dereito, afectando á información que figura no Balance de situación, saldo da conta 430 (Activo circulante), aumento que correlativamente repercutiría no importe do Patrimonio neto, ao aumentar en igual magnitude o Resultado do exercicio que figura na Conta 129 (Resultado do exercicio).
- Asemade, a omisión afecta ao Estado do remanente de tesourería, no que se toman en consideración os dereitos pendentes de cobro ao final do exercicio.

2. As diferenzas entre os dereitos pendentes de cobro rexistrados na Conta xeral e os valores xestionados polo Servizo de Recadación da Deputación.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Logo da comprobación analítica realizada sobre os dereitos pendentes de cobro do exercicio corrente 2021 e dos exercicios pechados, comparouse a información obtida coa solicitada ao Xefe do Servizo de Recadación da Deputación, obténdose as seguintes diferenzas:

EXERCICIO	CONTABILIDADE	RECADACIÓN	DIFERENZA
2016	6.773,00	11.017,24	+ 4.244,24
2017	42.883,40	30.124,00	- 12.759,40
2018	64.568,46	25.087,87	- 39.480,59
2019	9.262,72	6.036,16	- 3.226,56
2020	2.499,50	1.604,50	- 895,00
2021	237.398,60	156.516,78	- 80.881,82
TOTAL	363.385,68 €	230.386,55 €	- 132.999,13 €

Remitida esta información á Secretaría-Intervención do Consorcio, no informe emitido con data de 14 de xullo de 2022, a funcionaria titular expón:

- Que o ingreso efectivo das liquidacións cobradas no 4º trimestre de 2021 correspondentes a ese mesmo exercicio, por importe de 128.815,31 euros, non se recibiu ata o 8 de abril de 2022, polo que non puido producir efectos contábeis no exercicio 2021. Este importe salda parcialmente a diferenza contabilidade/recadación, sendo agora que resultaría un exceso de 2.158,18 euros de dereitos cobrados con respecto aos pendentes de cobro.
- A diferenza de 39.480,59 euros correspondente aos dereitos pendentes de cobro do exercicio 2018, quedan reducidos a 8.093,16 euros, segundo a aclaración realizada no referido informe da Secretaria-interventora.

Esta segunda incorrección material, illadamente considerada, resulta inferior no seu importe á cifra de materialidade global corrixida, polo pola aplicación do principio de importancia relativa non afecta significativamente a imaxe fiel do



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

patrimonio e da situación económico-financeira que resulta da Conta xeral auditada.

3. O importe dos dereitos recoñecidos no concepto 31900 do Estado de ingresos (taxa pola prestación de servizos) non reflicte adecuadamente as devindicacións producidas segundo a Ordenanza fiscal nº 1.

Segundo consta na Memoria xustificativa do custe e rendementos do servizos que se achega coas Contas anuais que se están a auditar, ao longo do ano 2021 os efectivos dos dez parques de bombeiros realizaron un total de 2.637 intervencións, actuacións materiais que, logo de seren cualificadas xurídicamente, deberían ter dado lugar, na meirande parte dos casos, a práctica dunha liquidación tributaria pola taxa de prestación de servizos que está regulada na Ordenanza fiscal nº 1. Ditas liquidacións, logo de seren aprobadas por Resolución da Presidencia, deberían reflectirse contablemente mediante o correspondente recoñecemento de dereito sobre o concepto 319.00 do Estado de ingresos, xerándose á par un cargo na conta 430.0 da contabilidade financeira da entidade.

Mais o retraso acumulado na actividade de xestión tributaria da entidade, tal como xa se indicou nos informes de auditoría emitidos con respecto ás contas anuais dos exercicios 2019 e 2020, evidencia que non se realizaron polo de agora as liquidacións correspondentes a estas posibles devindicacións do tributo.

Ben é certo que dende a data de devindicación, a administración dispón do prazo de catro anos para a práctica das liquidacións e, no momento que se produza estas, contabilizarase o recoñecemento de dereito no orzamento do correspondente exercicio; con todo, cómpre advertir de novo deste retraso temporal, de xeito que nun prazo razoable de tempo se poida lograr a plena



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

sincronización entre a realización do feito imponible e a xeración da correspondente liquidación, evitando o risco dunha posible prescrición e mesmo acadar deste xeito unha maior eficacia recadatoria.

Para dar esta opinión modificada con deficiencias, temos executado a auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente no Sector Público en España (NIA-ES-SP, aprobadas por Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019). As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección *“Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais”* do noso informe.

Somos independentes da entidade, de conformidade cos requirimentos de ética e de protección da independencia que son aplicables a nosa auditoría das contas anuais para o Sector público en España³, segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector público.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión modificada con deficiencias ou incorreccións materiais indicadas.

IV. CUESTIÓNS CLAVE DE AUDITORÍA.

As cuestións clave de auditoría son aquelas que, segundo o noso xuízo profesional, teñen sido de maior importancia ou alcance na nosa auditoría de contas anuais do período actual. Estas cuestións teñen sido tratadas no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación

³ A estes efectos, seguimos a Nota técnica 1/2018, da Oficina Nacional de Auditoría, tendo incorporado ao expediente un cuestionario debidamente cuberto polas dúas persoas que temos participado nos traballos.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

da nosa opinión sobre as mesmas, polo que non expresamos unha opinión por separado das mesmas.

Ademais das cuestións descritas na sección “3. *Fundamento de opinión con deficiencias*” temos resolto que a cuestión que se describe deseguido é unha cuestión clave de auditoría que se debe comunicar no noso informe.

Advertimos de que o cambio de modelo de xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento e a conseguinte subrogación do persoal contratado polas empresas concesionarias afecto a estas prestacións (punto 2º da sesión plenaria que tivo lugar o día 13 de setembro de 2019) pode derivar en que a entidade teña que facer fronte ás indemnizacións que se determinen nas sentenzas xudiciais firmes que decidan os preitos pendentes a data actual, así coma outros que se poideran presentar no momento en que se rematen os procedementos que han de instruírse para a selección definitiva de persoal.

Existindo o risco exposto, non consta que a entidade teña dotado provisión ninguha para as posibles responsabilidades, de conformidade co previsto na Norma de Valoración 17ª da Terceira parte do Plan xeral de contabilidade pública adaptado á Administración local, ao existir unha obriga legal, que poidera ter como probable unha aplicación ou desprendemento de recursos, sobre os que aínda non podendo facerse unha estimación precisa, sí que podería facerse unha primeira estimación fiable, tomando en consideracións as pretensións presentadas nas demandas recibidas ata esta data.

V. PÁRRAFO DE ÉNFASE.⁴

Temos que chamar a atención sobre a escasa capacidade da entidade para xerar os seus propios recursos e a súa excesiva dependencia do financiamento ordinario que recibe das dúas administracións que a integran (os cobros por

⁴ Nesta sección tomamos en consideración a NIA-ES-SP 1706.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

transferencias supuxeron o 73,67 por cento dos dereitos recoñecidos netos no exercicio). Isto indica que as persoas e entidades beneficiarias do servizo son gravadas cunha taxa que acada só o 26,33 por cento do custo do servizo, recaendo o importe restante no conxunto das persoas contribuíntes. Lémbrese a este respecto que, na meirande parte dos casos, a débeda tributaria é asumida polas compañías aseguradoras dos bens sinistrados, integrándose o gasto dentro das súas provisións para responsabilidades.

Por outra banda, segue a apreciarse a inacción administrativa da entidade para executar os créditos para investimentos do capítulo 6º e para proceder á regularización contractual, pois non se realizou contratación ningunha polo procedemento aberto (o importe que figura na Nota 22 da Memoria corresponde a unha subministración obtida despois de adherirse a un acordo marco aprobado pola Deputación), realizándose toda a xestión contractual mediante contratos menores.

VI. OUTRAS CUESTIÓN⁵.

Con data de 13 de setembro de 2021, esta Intervención emitiu un informe de auditoría sobre as contas anuais do exercicio 2021 (expediente 2021000029440), no que se expresou unha **opinión modificada desfavorábel**.

Logo dese informe, na sesión plenaria que tivo lugar o día 21 de outubro de 2021, á proposta do titular da Presidencia, aprobouse un Plan de acción para corrixir as eivas advertidas. A tal fin, con posterioridade, procedeuse a aprobar o inventario que xa estaba elaborado, contabilizando o valor dos activos segundo figura en dito inventario e procedendo a dotar o gasto por

⁵ Aplicamos a NIA-ES-SP- 1706 R e seguimos as indicacións e redacción proposta do apartado G) da Nota Técnica ONA 1/2020.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

amortizacións correspondente. Tamén se procedeu a regularizar os saldos de maior importancia nos conceptos non orzamentarios.

VII. OUTRA INFORMACIÓN.⁶

Este apartado do informe está referido á Memoria de custos e rendemento de servizos e á Memoria demostrativa do grao no que se cumpriron os obxectivos programados, documentos que se achegan como anexos á Conta xeral que se está a auditar, dándolle así cumprimento ás esixencias establecidas na lexisación de facendas locais.

Cómpre advertir que a nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre a información extracontable. A nosa responsabilidade sobre dita información que deriva da contabilidade, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a súa concordancia coas contas anuais, partindo do coñecemento da entidade que obtivemos na realización da auditoría e sen incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma.

Asemade, a nosa responsabilidade con respecto aos indicadores extracontábeis do Consorcio, como consecuencia do seu carácter de ente público adscrito á Deputación da Coruña, consiste en avaliar e informar respecto de seu contido é conforme coa normativa que resulta de aplicación. No caso de que, con fundamento no traballo realizado, concluímos que existen incorreccións, temos a obriga de poñelas de manifesto.

Sobre a base do traballo realizado, esta outra información extracontable vese afectada en canto a súa concordancia e contido polas cuestións que se sinalan no apartado de fundamento de opinión con deficiencias, ao non reflectir as

⁶ Aplicamos neste apartado o disposto na NIA-ES-SP-1720 R, responsabilidades do auditor con respecto a outra información.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

contas o importe dos dereitos recoñecidos netos no tocante á taxa pola prestación de servizos do Consorcio.

Por outra banda, aínda coñecendo o esforzo realizado para a mellora na xestión liquidatoria da taxa, da información dos documentos que se están a comentar neste apartado resulta que se teñen realizado 2.637 intervencións por parte dos efectivos dos 10 parques de bombeiros, non constando nesta documentación o custo unitario medio de cada intervención e en cada un dos parques, dato relevante de cara a futuras modificacións das tarifas aplicábeis.

Polo demais, reitérase neste apartado que na Memoria demostrativa do grao en que se teñen cumprido os obxectivos programados e o seu custe, debería engadirse unha comparación cuantitativa entre os dous modelos de xestión aos que se fai referencia.

VIII. RESPONSABILIDADE DO CONTADANTE (TITULAR DA PRESIDENCIA) EN RELACIÓN ÁS CONTAS ANUAIS.

De conformidade co disposto no artigo 14^o.19 dos Estatutos da entidade, a Presidencia é responsable de formular as contas anuais que se achegan, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable a un consorcio adscrito a unha entidade local en España⁷, e de control interno establecidas⁸ para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou a erro.

Na preparación das contas anuais, o órgano de xestión é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en

⁷ Capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do Sector público e Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo normal de Contabilidade local.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

funcionamento, revelando, segundo proceda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento, agás no caso de que o órgano de xestión tivese intención ou obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

IX. RESPONSABILIDADE DO FUNCIONARIO AUDITOR.

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libre de incorrección material, debida ao fraude ou ao erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguriade razoable é un alto grao de seguridade, pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e han de considerarse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman basándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente para o Sector público en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantivemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda auditoría.

Asemade:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría⁸ para facer fronte a ditos riscos e obtivemos evidencia de

⁸ Utilizamos fundamentalmente procedementos analíticos da información que nos foi posta a nosa disposición, conforme ao previsto na NIA-ES-SP- 1520.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

auditoría suficiente para proporcionar un fundamento da nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida ao fraude é mais elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, pois o fraude pode levar parello a colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erradas ou a elusión do control interno.

- Obtivemos coñecemento do control interno⁹ relevante para a auditoría co fin de diseñar procedementos de auditoría que sexan axeitados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia co control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contábeis aplicadas son axeitadas e a razoabilidade das estimacións contábeis e a correspondente información revelada polo órgano de xestión.
- Concluimos sobre se é axeitada a utilización, polo órgano de xestión, do principio contábel de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poideran xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría; con todo, feitos ou condicións futuros poderán ser a causa de que a entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída na información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun xeito que consiguen expresar a imaxe fiel.

⁹ O sistema de control interno foi evaluado no documento de planificación da auditoría, tendo en conta o coñecemento da entidade e a experiencia acadada na auditoría realizada sobre as contas anuais de 2019.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

- Comunicámonos coa Presidencia da entidade en relación co alcance e o momento de realizar a auditoría planificada e os elementos relevantes da auditoría, así coma sobre calquera deficiencia significativa de control interno, que temos identificado no transcurso da auditoría¹⁰.
- Entre as cuestións que foron obxecto de comunicación ao órgano de goberno da entidade, determinamos as que teñen maior importancia na auditoría do período actual e, en consecuencia, as cuestións clave de auditoría.
- A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre outra información extracontable.

X. INFORME SOBRE OUTROS REQUERIMENTOS LEGAIS E REGULAMENTARIOS.

Co alcance previsto na nosa auditoría de contas, temos revisado o cumprimento da legalidade con respecto á xestión económico-financeira da entidade durante o exercicio 2021. De dita revisión, temos observado os seguintes incumprimentos legais e regulamentarios:

- Tense aprobado o pagamento de remuneracións por asistencias ás persoas que forman parte dos órganos colexiados da entidade, agás ao persoal que forma parte da propia entidade, por un importe de 3.904,50 euros, aplicados sobre a aplicación orzamentaria 912.230.00, consumindo crédito a nivel de vinculación xurídica, pois a partida só dispoñía dun crédito inicial de 500 euros. Sobre a procedencia destes pagamentos, non consta que dende o inicio do actual mandato 2019-

¹⁰ Con tal finalidade, foi notificada o documento TDA, termos de inicio de auditoría, no momento de inicio dos traballos. Asemade, na execución dos traballos, foron comunicados mediante dilixencia estendida para o efecto, que foi cursada a través do SIR, aqueles datos ou circunstancias significativas que ían a afectar a opinión modificada contida neste informe. En síntese, procurouse cumprir co disposto na NIA-ES-SP-1260-R.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

2023 se teña adoptado o acordo que esixe o artigo 75.3 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, nin polo Pleno da Deputación (que debe pronunciarse sobre a compatibilidade destas percepcións co réxime de dedicación exclusiva das persoas afectadas que ostentan o cargo de deputadas no Pleno provincial), nin por parte do pleno da propia entidade auditada.

- Na xestión dos mantementos e servizos estase a utilizar o procedemento do contrato menor para a contratación da meirande parte das prestacións, incumpríndose o disposto no artigo 118.2 da Lei 9/2017, de contratos do sector público. Urxe, xa que logo, a tramitación de expedientes de contratación polo procedemento ordinario (artigo 131.2 da dedandita Lei), de xeito que se cumpla cos principios de publicidade, concorrencia e liberdade de acceso ás licitacións que esixe dita Lei en transposición das directivas comunitarias sobre contratación pública.

A Coruña, 05 de setembro de 2022,

Asdo. Electrónicamente por Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

Conforme,

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN:

O presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO e deberá notificarse á PRESIDENCIA DO CONSORCIO**, co fin de que se incorpore ao expediente de aprobación da Conta xeral do exercicio 2021 que se está a tramitar e, como anexo da mesma, se remita aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas.

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA.

EXPEDIENTE SUBTEL: 2022000029116

ASUNTO: INFORME DE RECOMENDACIÓNS DE CONTROL INTERNO E INFORME ADICIONAL (IRCIA) AO DE AUDITORÍA DE CONTAS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO (EXERCICIO 2021).

TRÁMITE: INFORME DEFINITIVO

I. INTRODUCCIÓN

O órgano interventor da Deputación provincial da Coruña, no exercicio das competencias que lle confiren os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e dándolle cumprimento ao disposto no artigo 29.3 A), apartado d), do Regulamento de réxime xurídico de control interno das entidades que conforman o sector público local (R.D. 424/2017, do 28 de abril, procedeu a auditar as contas anuais do exercicio 2021 do CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA PROVINCIA DA CORUÑA, que comprenden o Balance de situación a 31 de decembro de 2021, a Conta do resultado económico - patrimonial, a Memoria, o Estado de cambios no patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo e o Estado de liquidación do Orzamento de 2021.

Como resultado do traballo realizado, con data de 19 de xullo de 2022 tense emitido un informe provisional de auditoría favorábel con deficiencias (opinión modificada con deficiencias).



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANZEIRA.

Con carácter complementario, dándolle cumprimento á normativa aprobada pola IGAE sobre a auditoría pública e aplicábel á Administración local, o presente IRCIA emítase como resultado do traballo anteriormente indicado e de acordo coa Norma Técnica correspondente¹.

II. OBXECTIVOS E ALCANCE

Como parte da auditoría indicada no apartado de introdución e froito das probas realizadas na execución de dito traballo e do coñecemento da entidade por este auditor, así coma, no seu caso, dos procedementos que se teñen considerado necesarios no marco da auditoría pública, poden detectarse debilidades significativas do control interno e outros aspectos relevantes para a mellora da xestión do ente auditado.

No alcance deste traballo non se pretende identificar, necesariamente, todas as debilidades e incumprimentos legais que puideran existir ou todos os defectos, da xestión económico - financeira e, xa que logo, non expresamos unha opinión sobre o sistema de control interno ou sobre o cumprimento da legalidade, nin tratamos de adecuar o alcance desta auditoría á que correspondería a outros traballos máis específicos coma a auditoría operativa e de cumprimento, o control financeiro permanente e outras revisións de similar natureza e obxectivos. Para o caso de que se realizasen ditos traballos, os seus resultados poderían diferir substancialmente das conclusións acadados no presente informe.

¹ Norma técnica de informe de recomendacións de control interno e informe adicional ao de auditoría de contas (NT IRCIA, de 1 de xuño de 2017).



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA.

III. RESULTADOS

III.1. RESULTADOS DE RECOMENDACIÓNS DE CONTROL INTERNO (IRC)

A) A xestión tributaria e recadatoria da taxa pola prestación de servizos. A necesidade dun control financeiro sobre a xestión realizada.

En todos os informes de auditoría emitidos ata esta data, tense constatado o retraso que se está a producir na liquidación da taxa pola prestación de servizos, xerándose unha baixa execución da previsión orzamentaria por este concepto. Asemade, manifestouse a falla de seguridade xurídica nos expedientes, ao non constar a existencia de informes xurídico - tributarios en cada un deles.

No contexto exposto, recoméndase a adopción dalgunha medida efectiva para pór ao día as liquidacións atrasadas e, sobre todo, para que nun prazo razoable as liquidacións poidan realizarse de xeito inmediato a que se produza cada unha das intervencións do persoal bombeiro.

Nesta idea, considerando que o Consorcio é un ente adscrito a esta Deputación, insístese no comentario xa realizado en exercicios anteriores, considerando que a medida máis operativa e eficaz é a delegación da xestión tributaria da taxa na propia Deputación, pois o Servizo de xestión tributaria conta cun persoal moi cualificado na xestión e liquidación dos tributos locais, con capacidade dabondo para a práctica das liquidacións e para informar e resolver os recursos e outras incidencias que se vaian producindo.

De non adoptarse dito acordo, dende a Presidencia deben ditarse instrucións claras para impulsar a xestión tributaria da taxa. A este respecto, debe lembrarse que no Plan de acción presentado pola Presidencia logo da auditoría con opinión desfavorábel sobre as contas anuais do exercicio 2020, a medida cuarta establecía que no mes de febreiro de 2022 debería terse acadado á posta ao día nas liquidacións pendentes, mais dito obxectivo está aínda por cumprir ao día de hoxe.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA.

Por outra banda, esta actividade de xestión tributaria ten que ser sometida a un control financeiro posterior, ao estar substituída a fiscalización previa pola toma de razón en contabilidade das liquidacións (apartado 6 da Base 37ª das de execución do orzamento). Cómpre, xa que logo, planificar e aprobar un plan de control financeiro sobre os ingresos realizados nos derradeiros exercicios.

B) A debilidade do control interno por falla de estabilidade do persoal que desenvolve dita función. A posible asignación das funcións a persoal con habilitación de carácter nacional da propia Deputación.

Ao longo do exercicio 2021, as funcións de control interno foron asumidas por unha funcionaria da subescala de secretaría - intervención, que recibiu un nomeamento en réxime de acumulación de funcións, xa que dita funcionaria viña desempeñando principalmente outro posto de traballo reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional da subescala de intervención – tesourería.

Esta circunstancia de dedicación só parcial ao exercicio da función de control interno, á que se engade a función de secretaría, dificultou o desenvolvemento e plena aplicación de toda a normativa de control interno, que resulta moi esixente no momento actual, logo da entrada en vigor xa en xullo de 2018 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico desta función, dende a súa planificación, posterior execución e información a render aos órganos de control externo e a outras administracións públicas. Asemade, non puideran levarse a cabo algunha das medidas propostas no Plan de acción da Presidencia, logo das eivas apreciadas no informe de auditoría emitido sobre a Conta xeral do exercicio 2020.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA.

Neste contexto e situación descrita, ha de procurarse unha solución definitiva, non manténdose indefinidamente na conxuntural exposta, tomando como premisa o réxime xurídico vixente dos consorcios, considerados como entes adscritos a unha administración pública territorial (neste caso, a Deputación), non resulta legalmente posible a provisión definitiva do posto de traballo de secretaría-intervención existente na actualidade na RPT do Consorcio, o que evidencia o feito de que non fora incluído en ningún dos concursos de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional que teñen sido convocados dende que o posto de traballo se atopa vacante.

Pola razón exposta, a solución definitiva na procura da estabilidade no exercicio das funcións de secretaría e intervención no Consorcio, recae no ámbito da responsabilidade e toma de decisión da Deputación Provincial, en canto administración á que está adscrita a entidade. E dita solución pode artellarse sobre a seguinte alternativa: ou ben se crea un posto de traballo de secretaría-intervención na RPT da propia Deputación, promovendo simultaneamente a supresión do existente no Consorcio, ou ben se asignan as correspondentes funcións ao persoal con habilitación de carácter nacional xa existente nas áreas de Secretaría e Intervención da propia Deputación Provincial. Esta é unha decisión que lle corresponde adoptar ao Pleno da Deputación, no exercicio da súa potestade de auto-organización.

III.2. RESULTADO DO INFORME ADICIONAL (IA)

O presente informe adicional está fundamentado na análise da lexislación aplicábel á entidade,co alcance indicado no apartado 2 deste documento, encadrado nunha auditoría de contas, tal e como está previsto no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, de réxime xurídico do control interno.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA.

Dos procedementos aplicados na auditoría e considerando o seu limitado alcance, téñense detectado os incumprimentos legais que xa se detallaron no apartado X do informe de auditoría, polo que non resulta preciso agora reproducilos neste informe complementario.

Mais fóra do que atinxe as operacións orzamentarias e contábeis analizadas e tratadas especificamente no informe de auditoría, resulta necesario neste informe adicional facer unha sucinta referencia a tres incumprimentos legais que se teñen observado no conxunto da documentación analizada, tal como se explica nos seguintes sub-epígrafes.

A) A necesidade dun regulamento do servizo e a mellor redacción da actual taxa pola prestación de servizos.

De novo se reitera a recomendación realizada nos exercicios anteriores, de que se proceda á tramitación e aprobación dun regulamento do servizo, delimitando polo miúdo cada unha das prestacións a realizar, no marco das obrigas establecidas pola Lei de Emerxencias de Galicia.

Paralelamente, requírese a modificación da actual ordenanza fiscal nº 1, mellorando a definición do feito impositivo, os obrigados tributarios (especificar sobre quen recae a obriga cando hai varios dereitos reais sobre un mesmo ben), cambiar a exención subxectiva polo establecemento de criterios xenéricos de capacidade económica na cuantificación da taxa (respectando así o Principio de reserva de Lei en materia tributaria).



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA.

B) A adaptación dos estatutos á Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público.

O que si procede é observar de novo a falla de adaptación dos estatutos ao disposto sobre os consorcios no Capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, nos termos que xa fora exposta esta cuestión no IRCIA complementario ao informe de auditoría sobre as contas anuais de 2019.

En concreto, tendo en conta o carácter básico dos preceptos encadrados naquel capítulo, os consorcios han de ser considerados entidades de dereito público adscritos a unha administración pública segundo algún dos criterios legais (artigos 118 e 120) e, no tocante ao seu persoal, debe proceder das administracións participantes, a non ser que pola singularidade das súas funcións non se poida contar con persoal específico nas administracións participantes, en cuxo suposto se podería autorizar a contratación de persoal propio.

Na medida sétima do Plan de acción presentado pola Presidencia e aprobado polo pleno da entidade, establecíase como horizonte temporal para contar cuns novos estatutos a data de xuño de 2023. Xa que logo, para darlle cumprimento a dita medida, faise necesario incoar xa o expediente e iniciar os traballos de redacción e consulta pertinentes.

C) A prestación do servizo en determinados concellos que exceden de 20.000 habitantes, fóra do marco competencial da Provincia e sen delegación expresa.

Da lectura dos apartados iniciais da Memoria das contas anuais, resulta o dato de que o servizo se está a prestar, ademais de en todos os concellos de ata 20.000 habitantes da Provincia (incluídos os que reciben o servizo conveniado co Concello de Ferrol), aos concellos de máis de 20.000 habitantes existentes na



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANZEIRA.

Provincia (agás no Concello de Narón).

Pois ben, dende un punto de vista normativo, o artigo 26.1 c) da Lei 7/85, de Bases de Réxime local, establece como servizo mínimo obrigatorio a prestar polos concellos de máis de 20.000 habitante o de protección civil e contra incendios. Xa que logo, agás dispensa instada por cada concello e autorizada pola Comunidade autónoma, a titularidade competencial para a prestación deste servizo correspóndelle a ditos concellos..

Pola súa banda, a Lei 5/2007, de 7 e maio, de Emerxencias de Galicia, establece no seu artigo 26 as atribucións que lle competen ás Provincias, entre as que se atopa garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles concellos que non contan con servizos propios, por non resultaren obrigados (os de ata 20.000 habitantes) ou por obter a dispensa dos mesmos (os de mais de 20.000 habitantes que teñan instado tal autorización á Comunidade Autónoma de Galicia).

Tendo en conta este marco normativo, o servizo que se está a prestar nos Concellos de máis de 20.000 habitantes, excede ou está fóra da competencia provincial, sendo esta unha circunstancia fáctica ben coñecida e que cómpre regularizar, mediante a adopción dos correspondentes acordos por parte dos concellos afectados. Pois parece que a situación actual resulta máis eficiente ca alternativa de que ditos concellos creasen os seus propios servizos, véndose obrigados a crear as infraestruturas adecuadas e dotarse dos medios persoais e materiais necesarios.

Polo tanto, manténdose nesta forma de prestación do servizo nos concellos por riba dos 20.000 habitantes, debería instruírse un procedemento de delegación de ditos concellos no Consorcio, comprometendo para tal fin os recursos económicos precisos, de xeito que estes concellos contribuísen proporcionalmente ao gasto que se está a xerar e que soportan as



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA.

administracións consorciadas, ao seren as tarifas que se perciben dos beneficiarios claramente deficitarias.

Neste senso e a modo de exemplo, pode servir como referencia a fórmula establecida na Comunidade autónoma de Madrid, ao establecerse no Decreto legislativo 1/2006, de 28 de setembro (Texto refundido da Lei reguladora dos servizos de prevención e extinción de incendios) que os concellos de máis de 20.000 habitantes dispensados da obriga de prestar o servizo, quedan sometidos á Lei de taxas e prezos públicos da Comunidade de Madrid, soportando as cotas que resulten da cada prestación.

D) O debido cumprimento da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Polo demais, cómpre comentar que con motivo do traballo de auditoría, este funcionario tivo que acceder por varias veces á páxina web do Consorcio e ao seu Portal de transparencia.

Sen facer un percorrido exhaustivo sobre cada un dos apartados, téñense constatado algunhas carencias na información, que nalgún epígrafe está moi atrasada (por exemplo, a derradeira memoria de actividades é a que corresponde a 2016) e outros están sen contido (existindo información ao respecto).

Recoméndase, xa que logo, que o persoal que teña ao seu cargo estas funcións lle dea un repaso aos distintos apartados, actualizando e completando a información.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA.

IV. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.

A teor do exposto nos apartados II e III anteriores, o funcionario asinante emite as conclusións e recomendacións xa expostas en cada un deles, que para evitar reiteracións innecesarias, danse por reproducidas neste apartado.

A Coruña, 05 de setembro de 2022,

Asdo. Electrónicamente por Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

Conforme,

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.

DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN:


O presente informe emítase con carácter **COMPLEMENTARIO E DEFINITIVO e deberá notificarse á PRESIDENCIA DO CONSORCIO**, co fin de que sexa incorporado, xuntamente co informe de auditoría, como anexo ás Contas anuais da entidade correspondentes ao exercicio 2021, remitíndose coas mesmas aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, a través da Plataforma www.rendiciondecuentas.es

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos.


Interventor adxunto.



ESTADO EXPEDIENTE	Nº EXPEDIENTES
ARQUIVADO	8
PENDIENTE INFORME PROV./DEF.	10
FINALIZADO	31
COMPROBACIÓN MATERIAL	2
INFORME PROVISIONAL DESFAVORABLE	5
INFORME DEFINITIVO DESFAVORABLE	2
EN TRÁMITE	8
Total general	66



RESULTADO DO PROCEDIMIENTO CONTROL	nº EXPEDIENTES
INFORME DEFINITIVO CONFORMIDADE	19
INFORME DEFINITIVO CONFORMIDADE CON OBSERVACIÓN	1
ARQUIVADO	8
INFORME DEFINITIVO DESCONFORMIDADE_1	5
INFORME DEFINITIVO DESCONFORMIDADE_2	4
INFORME DEFINITIVO DESCONFORMIDADE_3	2
Total general	39






SANCIONADOR

PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADOR	Valores	S IMPORTE REINTEGRO TOTAL	S IMPORTE REINTEGRO PARCIAL	S IMPORTE SANCION MOI GRAVE	S IMPORTE SANCION GRAVE	S IMPORTE SANCION LEVE
	Nº PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADOR					
RP DEFINITIVA_REINTEGRO PARCIAL E SANCION	2		4.260,12 €		291,44 €	110,00 €
RP DEFINITIVA_REINTEGRO TOTAL E SANCION	1	20.000,00				60,00 €
Total general	3	20.000,00	4.260,12 €		291,44 €	170,00 €



ESTADO EXPEDIENTES DEL. CONCELLOS	Nº EXPEDIENTES
PENDIENTE INFORME PROV./DEF.	1
INFORME DEFINITIVO CONFORMIDADE	2
INFORME PROVISIONAL DESFAVORABLE	1
EN TRÁMITE	4
INFORME DEFINITIVO DESFAVORABLE	1
Total general	9



RESULTADO DO PROCEDIMIENTO CONTROL FINANCIERO DEL. CONCELLOS	Nº EXPEDIENTES
(en blanco)	9
Total general	9


PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADOR DEL. CONCELLOS	Valores Nº PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADO					
	S IMPORTE REINTEGRO TOTAL	S IMPORTE REINTEGRO PARCIAL	S IMPORTE SANCION MOI GRAVE	S IMPORTE SANCION GRAVE	S IMPORTE SANCION LEVE	R
(en blanco)	9					9
Total general	9					9

ESTADO EXPEDIENTES U.X.	Nº EXPEDIENTE
EN TRÁMITE	3



Total general	3
----------------------	----------

RESULTADO DO PROCEDIMIENTO CONTROL FI Nº EXPEDIENTE	
(en blanco)	3
Total general	3



PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADOR U.X.	Valores					
	Nº PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADO R	S IMPORTE REINTEGRO TOTAL	S IMPORTE REINTEGRO PARCIAL	S IMPORTE SANCION MOI GRAVE	S IMPORTE SANCION GRAVE	S IMPORTE SANCION LEVE
(en blanco)	3					
Total general	3					

PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADOR UU XX	Valores					
	Nº PROCEDIMIENTO REINTEGRO E/OU SANCIONADO R	S IMPORTE REINTEGRO TOTAL	S IMPORTE REINTEGRO PARCIAL	S IMPORTE SANCION MOI GRAVE	S IMPORTE SANCION GRAVE	S IMPORTE SANCION LEVE
RP DEF_REINTEGRO PARCIAL	9		47.431,11 €			
RP DEF_REINTEGRO TOTAL	2	6.000,00 €				
Total general	11	6.000,00 €	47.431,11 €			



INFORME DE INTERVENCIÓN

A ACCIÓN DE FOMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE
O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2022



INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO : Acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022

I.- INTRODUCCIÓN.

II.-SUBVENCÍONS TRAMITADAS A FAVOR DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

- II.1- Plans provinciais tramitados.
- II.2.- Subvencións outorgadas en réxime de concorrencia.
- II.3.- Subvencións nominativas aprobadas.
- II.4.- Rede Cultural
- II.5.- Importes totais autorizados ou comprometidos.

III.- SUBVENCÍONS OUTORGADAS A OUTRAS ENTIDADES DE DEREITO PÚBLICO.

- III.1- Subvencións tramitadas en réxime de Concorrencia
- III.2.- Subvencións nominativas e transferencias correntes.
- III.3.- Importe total das subvencións outorgadas a Entidades locais e a entidades de carácter asociativo.

IV.- SUBVENCÍONS OUTORGADAS A ENTIDADES PERSOAS FÍSICAS O XURÍDICAS PRIVADAS.

- IV. 1.- Subvencións outorgadas en réxime de concorrencia
- IV. 2.- Subvencións nominativas outorgadas a entidades, persoas físicas ou xurídicas privadas
- IV.3.- Rede Cultural : Entidades, persoas físicas ou xurídicas privadas.
- IV.4.- Importes totais autorizados ou comprometidos a favor de entidades privadas.

V. -ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS.

VI.- OUTRAS ACCÍONS DE FOMENTO A FAVOR DE PERSOAS O ENTIDADES PRIVADAS.

- VI.1.- Bolsas de prácticas formativas.
 - VI.1.1. Bolseiros incluídos na actividade de fomento da Deputación correspondentes a convenios coas Universidades galegas ou de bases aprobadas pola Deputación. (Anexo 12)
 - VI.1.2. Bolsas concedidas pola Deputación para investigación, perfeccionamento de estudos ou deportivas. (Anexo 13)
- VI.2.- Premios.



VII.- IMPORTES AGREGADOS DA ACCIÓN DE FOMENTO PROVINCIAL.

VIII.- CONSIDERACIÓNS FINAIS.

VIII.1.-Consideracións sobre a acción de fomento no ano 2021 a favor dos concellos da provincia.

- a).- O Plan Único de Obras e Servizos (POS+).
- b).- Consideracións sobre as convocatorias en réxime de publicidade e concorrencia.
- c).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a concellos.

VIII.2.- Consideracións sobre as subvencións nominativas a entidades públicas distintas dos concellos.

VIII.3.-Consideracións sobre a acción de fomento do ano 2021 dirixida a entidades privadas.

- a).- Consideracións sobre a acción de fomento en réxime de publicidade e concorrencia a entidades privadas sen ánimo de lucro.
- b).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a entidades privadas sen ánimo de lucro.
- c).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrencia a entidades privadas con ánimo de lucro.

VIII.4.-Consideracións sobre outras acción de fomento a favor de persoas o entidades privadas

-Bolsiros.

VIII.5.- Necesidade de actualizar e mellorar o Plan Estratégico de Subvencións da Deputación Provincial 2020-2022.

ANEXOS.-

- Anexo 1: Concellos . Plans Provinciais 2022.
- Anexo 2: Concellos. Subvencións en réxime de concorrencia competitiva .Exercicio 2022.
- Anexo 3: Concellos. Subvencións nominativas . Exercicio 2022.
- Anexo 4: Concellos. Achegas Rede Cultural. Exercicio 2022.
- Anexo 5: Relación das convocatorias de concorrencia competitiva. Exercicio 2022.
- Anexo 6 Outras Entidades de dereito público. Subvencións en réxime de concorrencia. Exercicio 2022.
- Anexo 7: Outras Entidades de dereito público. Rede Cultural . Exercicio 2022.
- Anexo 8: Outras Entidades de dereito público. Subvencións nominativas e Transferencias Correntes. Exercicio 2022.
- Anexo 9: Entidades. Subvencións en réxime de concorrencia competitiva. Exercicio 2022.
- Anexo 10: Entidades. Subvencións nominativas. Exercicio 2022.
- Anexo 11: Entidades . Achegas Rede Cultural. Exercicio 2022.
- Anexo 12 : Outras accións de fomento. Bolsiros. Bolsas concedidas. Exercicio 2022.
- Anexo 13: Outras accións de fomento. Premios Deputación. Exercicio 2022.
- Anexo 14: Total concellos.
- Anexo 15: Detalle de convocatorias de 2020 de libre concorrencia que integraron subvencións nominativas de exercicios anteriores.
- Anexo 16: Protocolo Xunta-Deputacións Provinciais para unha mellor cooperación territorial.
- Anexo 17 : Consello de Contas. Informe definitivo fiscalización Plans Provinciais 2003-2019
- Anexo 18 : Anteproxecto de informe de seguimento de recomendacións. Exercicio 2020-2021.
- Anexo 19 : Guía Xeral para a elaboración, seguimento e control, avaliación e publicidade dos plans estratégicos de subvencións.



I- INTRODUCCIÓN

O 4 de agosto de 2015 elaborouse un informe sobre os recursos provinciais asignados aos concellos da provincia no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 30 de xuño de 2015. De igual forma emitíuse outro informe o 4 de setembro de 2015 sobre os recursos provinciais destinados as entidades privadas sen ánimo de lucro en idéntico período.

O 4 de maio de 2016 esta Intervención provincial emitiu un novo informe sobre os recursos provinciais asignados aos concellos da provincia e a entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2015.

O 16 de febreiro de 2017 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016.

O 14 de febreiro de 2018 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.

O 14 de febreiro de 2019 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2018.

O 12 de febreiro de 2020 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019.

O 10 de marzo de 2021 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2020.

O 8 de febreiro de 2022 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2021.

O presente informe ten por finalidade actualizar a información para recoller a referida ao exercicio **2022**, dando por reproducidas todas as consideracións efectuadas nos informes citados. Nos últimos exercicios incluíuse a acción de fomento realizada a través dos Premios, Bolsas de estudos e asignacións aos Grupos Políticos co obxectivo de obter unha visión integral da actividade anual do Fomento Provincial.



II.- SUBVENCIONES TRAMITADAS A FAVOR DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

II.1. PLANS PROVINCIAIS TRAMITADOS.

Ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022 tramitáronse plans provinciais que teñen por obxecto financiar obras e servizos de competencia municipal, dirixidos e coordinados polo Servizo Provincial de Xestión de Planes. O importe dos compromisos de gasto formalizados en cada exercicio responde as cifras que se indican a continuación :

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	38.434.327,95 €	480	80.071,52 €
2013	24.820.625,69 €	256	96.955,57 €
2014	43.672.157,70 €	477	91.555,89 €
2015	46.412.246,46 €	365	127.156,84 €
2016	75.014.480,90 €	838	89.516,09 €
2017	80.453.821,56 €	756	106.420,40 €
2018	91.210.644,81 €	885	103.062,88 €
2019	92.275.815,14 €	825	111.849,47 €
2020	56.258.693,88 €	606	92.836,13 €
2021	83.939.073,89 €	737	113.892,91 €
2022	86.652.395,89 €	831	104.274,84 €
TOTAIS	719.144.283,87 €	7.056	101.919,54 €

(No **anexo 1** recóllese a información dos plans provinciais tramitados, dos importes asignados)

Dos datos anteriores dedúcese o esforzo inversor nos Plans Provinciais e a súa crecente evolución ao longo dos anos, con substanciais incrementos con respecto aos exercicios anteriores, sobre todo a partir do 2016. Non obstante, a pandemia que vivimos motivou a necesidade de efectuar, no exercicio 2020, un reaxuste orzamentario coa finalidade de obter os recursos necesarios para afrontar os gastos derivados do Covid, como a adquisición de mascarillas para os concellos da provincia , a tramitación urxente de novas convocatorias como o PEL CONCELLOS REACTIVA (9.949.470,39€) , e outras.

Isto motivou que, mentres que no 2019 as achegas ao POS supuxeran unha porcentaxe do 50,26% do orzamento de 2019, no 2020 esta porcentaxe baixara ata o 30,57%.

Non obstante, no exercicio 2021 fíxose novamente un esforzo inversor para contra restar os efectos negativos do 2020, que se materializou, no caso dos Plans Provinciais, nun importante incremento ata alcanzar o 45,50% do total do orzamento para o ano 2021.

De novo, no pasado exercicio o esforzo inversor incrementouse con respecto ao 2021 nun 3,232%, ata alcanzar o 45,79% do total do orzamento para o ano 2022.

II.2. SUBVENCIONES OUTORGADAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA.

No período obxecto de análise tramitáronse e outorgáronse subvencións en réxime de concorrencia aos concellos da provincia polos importes totais que se indican a continuación:



EXERCICIO	SUBVENCIONS CONCORRENCIA		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCION MEDIA
2012	12.785.617,74 €	1.026	12.461,62 €
2013	10.325.375,92 €	1.149	8.986,40 €
2014	12.759.754,13 €	1.310	9.740,27 €
2015	14.429.925,80 €	1.522	9.480,90 €
2016	18.458.901,21 €	1.516	12.176,06 €
2017	11.942.250,98 €	558	21.401,88 €
2018	14.485.268,56 €	567	25.547,21 €
2019	14.993.445,51 €	608	24.660,27 €
2020	24.857.087,96 €	654	38.007,78 €
2021	25.311.314,73 €	741	34.158,32 €
2022	17.876.174,44 €	677	26.404,98 €
TOTAIS	178.225.116,98 €	10.328	17.256,50 €

(No **anexo 2** inclúese o detalle dos importes asignados a cada concello e o importe resultante de cada convocatoria do ano 2022)

A desagregación dos importes de subvencións concedidas aos concellos en concorrencia é a seguinte:

EXERCICIO	SUBVENCIONS CONCORRENCIA ACTIVIDADES E INVESTIMENTO			SUBVENCIONS CONCORRENCIA PEL			TOTAL CONCELLOS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCION MEDIA	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCION MEDIA	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCION MEDIA
2020	11.920.715,16 €	483	24.680,57 €	12.936.372,80 €	171	75.651,30 €	24.857.087,96 €	654	38.007,78 €
2021	13.388.357,20 €	496	26.992,66 €	11.922.957,53 €	245	48.665,13 €	25.311.314,73 €	741	34.158,32 €
2022	13.913.644,86 €	509	27.335,26 €	3.962.529,58 €	168	23.586,49 €	17.876.174,44 €	677	26.404,98 €
TOTAIS	39.222.717,22 €	1.488	26.359,35 €	28.821.859,91 €	584	49.352,50 €	68.044.577,13 €	2.072	32.840,05 €

(2020) PEL Concellos : 2.986.902,41€ . PEL Concellos Reactiva : 9.949.470,39 €

(2021) PEL Concellos : 5.937.783,70€ . PEL Concellos Reactiva : 5.985.173,83 €

(2022) PEL Concellos Integración laboral : 3.338.987,93 € . PEL axudas sector orquestras e Verbenas : 623.541,75€

Das cifras sinaladas se deriva un sustancial incremento no ano 2020 nas dotacións para convocatorias de concorrencia, do 65,79% con respecto ao exercicio 2019. Como se observa na anterior táboa, onde se desagregan as achegas, o incremento derivase, fundamentalmente, da aprobación da nova convocatoria PEL Concellos Reactiva por 9.949.470,39€. No exercicio 2021 o incremento con respecto ao anterior ascendeu a un 1,8273%.

Como xa se indicou, o incremento nas achegas do PEL estivo motivada pola necesaria reacción ante as consecuencias da pandemia, polo que , na actual situación de tendencia á normalidade, as ditas achegas non se consideraron necesarias.

II.3. SUBVENCIONS NOMINATIVAS APROBADAS.

Da información dispoñible obtense que as subvencións nominativas aprobadas a favor dos concellos da provincia para o período considerado son as que se detallan no **anexo 3** e que dá lugar ao seguinte resumo anual:



EXERCICIO	SUBVENCIONES NOMINATIVAS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCION MEDIA
2012	4.519.399,88 €	62	72.893,55 €
2013	11.351.062,75 €	150	75.673,75 €
2014	17.795.404,21 €	206	86.385,46 €
2015	7.030.468,82 €	63	111.594,74 €
2016	7.602.551,82 €	84	90.506,57 €
2017	6.551.132,41 €	76	86.199,11 €
2018	5.430.939,60 €	57	95.279,64 €
2019	5.811.424,12 €	47	123.647,32 €
2020	2.113.014,17 €	23	91.870,18 €
2021	4.316.244,27 €	22	196.192,92 €
2022	8.589.336,48 €	77	111.549,82 €
TOTAIS	81.110.978,53 €	867	93.553,61 €

(No **anexo 3** recollese a información detallada dos importes consignados a cada concello no ano 2022)

No exercicio 2020 houbo unha evolución significativa á baixa nos importes e subvencións concedidas do 63,64% , en relación co exercicio anterior . No exercicio 2021 se produzo un incremento do 104,27%, o que levou a que a subvención media pasase de 91.870,18€ a 196.192,92€.

Non obstante, é preciso aclarar que no citado importe se inclúen as subvencións que se relacionan a continuación , correspondentes ao Pel reactiva cidades por importe total de 3.000.000,- €:

CONCELLO DA CORUÑA	1.200.000,00
CONCELLO DE FERROL	800.000,00
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.000.000,00

Se non temos en conta estas subvencións, o total das nominativas ascendería a 1.316.244,27€, e a subvención media a 69.276,01€.

Pois ben, a tendencia á baixa dos últimos exercicios quebrouse no exercicio 2022 no que o incremento en cifras totais con respecto ao 2021 ascendeu ao 199%. Non obstante, se consideramos unicamente o importe anterior de 1.316.244,27€, o incremento resultou ser dun 652.56%

II.4. REDE CULTURAL.

Tamén se asignaron achegas provinciais aos concellos para a actividade denominada "Rede Cultural". Os importes anuais atribuídos presentan o seguinte resumo anual:



EXERCICIO	REDE CULTURAL		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCION MEDIA
2012	649.620,54 €	748	868,48 €
2013	631.175,00 €	632	998,69 €
2014	757.932,92 €	765	990,76 €
2015	776.571,17 €	796	975,59 €
2016	1.016.098,07 €	952	1.067,33 €
2017	1.301.474,48 €	1.149	1.132,70 €
2018	1.516.972,12 €	1.217	1.246,48 €
2019	1.552.826,23 €	1.159	1.339,80 €
2020	1.276.448,96 €	1.264	1.009,85 €
2021	2.806.691,49 €	2.398	1.170,43 €
2022	1.481.605,36 €	1.239	1.195,81 €
TOTAIS	13.767.416,34 €	12.319	1.117,58 €

O detalle dos importes asignados a cada concello no ano 2022 recóllese no **anexo 4**.

II.5. IMPORTES TOTAIS AUTORIZADOS OU COMPROMETIDOS.

En consecuencia, os importes autorizados e/ou comprometidos pola Deputación a favor dos concellos da provincia no período que vai do 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2022 en concepto de Plans Provinciais, subvencións de concorrencia, subvencións nominativas, e asignacións da Rede Cultural, presenta o seguinte resumo:

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS	SUBVENCIONS CONCORRENCIA	SUBVENCIONS NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL SUBVENCIONS 2012-2022
2012	38.434.327,95 €	12.785.617,74 €	4.519.399,88 €	649.620,54 €	56.388.966,11 €
2013	24.820.625,69 €	10.325.375,92 €	11.351.062,75 €	631.175,00 €	47.128.239,36 €
2014	43.672.157,70 €	12.759.754,13 €	17.795.404,21 €	757.932,92 €	74.985.248,96 €
2015	46.412.246,46 €	14.429.925,80 €	7.030.468,82 €	776.571,17 €	68.649.212,25 €
2016	75.014.480,90 €	18.458.901,21 €	7.602.551,82 €	1.016.098,07 €	102.092.032,00 €
2017	80.453.821,56 €	11.942.250,98 €	6.551.132,41 €	1.301.474,48 €	100.248.679,43 €
2018	91.210.644,81 €	14.485.268,56 €	5.430.939,60 €	1.516.972,12 €	112.643.825,09 €
2019	92.275.815,14 €	14.993.445,51 €	5.811.424,12 €	1.552.826,23 €	114.633.511,00 €
2020	56.258.693,88 €	24.857.087,96 €	2.113.014,17 €	1.276.448,96 €	84.505.244,97 €
2021	83.939.073,89 €	25.311.314,73 €	4.316.244,27 €	2.806.691,49 €	116.373.324,38 €
2022	86.652.395,89 €	17.876.174,44 €	8.589.336,48 €	1.481.605,36 €	114.599.512,17 €
TOTAIS	719.144.283,87 €	178.225.116,98 €	81.110.978,53 €	13.767.416,34 €	992.247.795,72 €

PORCENTAXES SOBRE TOTAIS			
72,48%	17,96%	8,17%	1,39%



III.- SUBVENCÍONS OUTORGADAS A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DE DEREITO PÚBLICO.

Tamén se tramitaron subvencións provinciais a favor de outras entidades de dereito público de carácter asociativo: consorcios, mancomunidades, padroados municipais, etc.

III.1. SUBVENCÍONS TRAMITADAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA DIRIXIDAS A :

Conorcios, Mancomunidades, Comunidades Intermunicipais, e outras o formas asociativas. Inclúense as subvencións concedidas en diversas convocatorias destinadas a concellos e outras entidades asociativas das que forma parte un Concello, así como as concedidas na convocatoria específica DP0030." Subvencións dirixidas a Entes de xestión, Asociacións, Mancomunidades e Consorcios Turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincial da Coruña."

EXERCICIO	CONCORRENCIA	REDE CULTURAL	IMPORTE TOTAL
2012	148.823,77 €		148.823,77 €
2013	267.052,02 €		267.052,02 €
2014	321.881,48 €		321.881,48 €
2015	311.608,64 €		311.608,64 €
2016	341.829,54 €		341.829,54 €
2017	208.803,38 €		208.803,38 €
2018	297.522,70 €		297.522,70 €
2019	1.049.265,02 €		1.049.265,02 €
2020	582.320,72 €	25.218,20 €	607.538,92 €
2021	666.184,16 €	47.779,40 €	713.963,56 €
2022	713.965,64 €	25.992,60 €	739.958,24 €
TOTAIS	4.909.257,07 €	98.990,20 €	5.008.247,27 €

(No **anexos 6** recóllese o detalle dos importes outorgados en réxime de concorrencia a cada entidade e o obxecto correspondente no ano 2022) e no **Anexo7** a relación das achegas en concepto de Rede Cultural 2022).

III.2. SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E TRANSFERENCIAS CORRENTES.

Outorgadas a Consorcios, Mancomunidades, Comunidades Intermunicipais, e outras o formas asociativas. (**Anexo 8**)

Nos informes emitidos en anos anteriores, nos importes recollidos no presente apartado, inclúense as transferencias correntes a entidades de dereito público. Non obstante, a partires do ano 2018 e coa finalidade de expoñer con maior claridade a información desagreganse as cantidades que corresponden a subvencións nominativas e a transferencias correntes. (Conorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincia da Coruña)



EXERCICIO	NOMINATIVAS	TRANSFERENCIAS CORRENTES	TOTAL NOMINATIVAS Y TRANSFERENCIAS
2012	5.219.501,07 €	- €	5.219.501,07 €
2013	6.203.853,42 €	- €	6.203.853,42 €
2014	5.442.624,42 €	- €	5.442.624,42 €
2015	6.230.000,00 €	- €	6.230.000,00 €
2016	5.306.799,66 €	- €	5.306.799,66 €
2017	5.810.614,67 €	- €	5.810.614,67 €
2018	2.598.363,50 €	3.446.799,66 €	6.045.163,16 €
2019	2.510.000,00 €	3.226.302,11 €	5.736.302,11 €
2020	2.801.495,10 €	3.377.267,66 €	6.178.762,76 €
2021	3.540.356,14 €	3.377.267,66 €	6.917.623,80 €
2022	2.959.491,88 €	3.380.378,46 €	6.339.870,34 €
TOTAIS	48.623.099,86 €	16.808.015,55 €	65.431.115,41 €

Nas transferencias sinaladas inclúense o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (que no exercicio 2022 recibiu unha achega provincial de 3.223.267,66) e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (que no exercicio citado tivo unha asignación de 157.110,80€)

III.3. IMPORTE TOTAL DAS SUBVENCIONS OUTORGADAS A OUTRAS ENTIDADES DE DEREITO PÚBLICO.

O resumo das subvenciones concedidas a outras entidades locais de dereito público no período 01/01/2012 a 31/12/2022, nos que volven a agregarse, na columna de subvenciones nominativas, as transferencias correntes a efectos da súa comparación, é o seguinte:

EXERCICIO	CONCORRENCIA IMPORTE TOTAL	REDE CULTURAL IMPORTE TOTAL	TRANSFERENCIAS CORRENTES IMPORTE TOTAL	NOMINATIVAS IMPORTE TOTAL	TOTAL SUBVENCIONS 2012-2021 IMPORTE TOTAL
2012	148.823,77 €		- €	5.219.501,07 €	5.368.324,84 €
2013	267.052,02 €		- €	6.203.853,42 €	6.470.905,44 €
2014	321.881,48 €		- €	5.442.624,42 €	5.764.505,90 €
2015	311.608,64 €		- €	6.230.000,00 €	6.541.608,64 €
2016	341.829,54 €		- €	5.306.799,66 €	5.648.629,20 €
2017	208.803,38 €		- €	5.810.614,67 €	6.019.418,05 €
2018	297.522,70 €		3.446.799,66 €	6.045.163,16 €	6.342.685,86 €
2019	1.049.265,02 €		3.226.302,11 €	5.736.302,11 €	6.785.567,13 €
2020	582.320,72 €	25.218,20 €	3.377.267,66 €	2.801.495,10 €	6.786.301,68 €
2021	666.184,16 €	47.779,40 €	3.377.267,66 €	3.540.356,14 €	7.631.587,36 €
2022	713.965,64 €	25.992,60 €	3.380.378,46 €	2.959.491,88 €	7.079.828,58 €
TOTAIS	4.909.257,07 €	98.990,20 €	16.808.015,55 €	55.296.201,63 €	70.439.362,68 €



IV.-SUBVENCIONES OUTORGADAS A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS PRIVADAS.

Tamén foron obxecto de fomento provincial asociacións, fundacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro, así como persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro as que se subvencionaron, fundamentalmente a través dos programas que se integran no Plan de Emprego local (PEL).

IV.1. SUBVENCIONES OUTORGADAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA.

No período considerado tramitáronse, a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro, persoas físicas e xurídicas, en réxime de concorrencia competitiva (artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións) **329** convocatorias (Anexo 5). Enuméranse no **Anexo 9** as entidades beneficiarias cos seus importes individuais do 01/01/2022 ao 31/12/2022 .

En termos anuais as subvencións outorgadas por este procedemento alcanzaron as magnitudes seguintes:

EXERCICIO	SUBVENCIONES CONCORRENCIA			
	IMPORTE	Nº SUBV.	Nº CONV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	4.774.211,45 €	1.779	15	2.683,65 €
2013	5.466.766,50 €	1.779	15	3.072,94 €
2014	4.992.951,64 €	1.640	17	3.044,48 €
2015	7.132.706,20 €	1.985	19	3.593,30 €
2016	7.959.792,22 €	1.865	27	4.267,99 €
2017	13.344.235,23 €	2.036	28	6.554,14 €
2018	13.203.865,01 €	1.949	36	6.774,69 €
2019	14.851.823,37 €	2.386	39	6.224,57 €
2020	14.948.239,36 €	2.038	39	7.334,76 €
2021	27.933.829,36 €	5.402	45	5.171,02 €
2022	30.494.643,03 €	5.405	49	5.641,93 €
TOTAIS	145.103.063,37 €	28.264	329	5.133,85 €

É preciso sinalar que no informe da acción de fomento do exercicio 2021 non se incluíron as subvencións do PEL REACTIVA II HOSTELERÍA ,no que se concederon un total de 2645 subvencións cun importe de 1.500€ cada unha, polo que no presente informe se corrixiron os importes coa finalidade de recoller os datos reais, que se indican a continuación :

DATOS	IMPORTE	Nº EXPTEs
Informe 2021 EE con ánimo de lucro	10.577.512,43 €	1174
Corrección informe 2021 PEL REACTIVA HOSTELERIA	3.967.500,00 €	2645
TOTAL 2021 EE CON ANÍMIMO DE LUCRO CORRIXIDO	14.545.012,43 €	3819
Informe 2021 EE sen ánimo de lucro	13.388.816,93 €	1.583
TOTAL 2021 EE CONCORRENCIA CORRIXIDO	27.933.829,36 €	5.402

A desagregación destes importes entre entidades con ánimo e sen ánimo de lucro nos exercicios nos que se concederon hasta a data, é dicir, 2018 a 2022, son os seguintes:



EXERCICIO	ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO			ENTIDADES CON ÁNIMO DE LUCRO			TOTAL ENTIDADES		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2018	4.774.211,45 €	1.779	2.683,65 €	2.014.377,15 €	69	29.193,87 €	6.788.588,60 €	1.848	3.673,48 €
2019	5.466.766,50 €	1.779	3.072,94 €	4.387.878,66 €	117	37.503,24 €	9.854.645,16 €	1.896	5.197,60 €
2020	9.957.956,94 €	1.535	6.487,27 €	4.990.282,42 €	503	9.921,04 €	14.948.239,36 €	2.038	7.334,76 €
2021	13.388.816,93 €	1.583	8.457,88 €	14.545.012,43 €	3.819	3.808,59 €	27.933.829,36 €	5.402	5.171,02 €
2022	13.160.850,93 €	1.668	7.890,20 €	17.333.792,10 €	3.737	4.638,42 €	30.494.643,03 €	5.405	5.641,93 €
TOTAIS	46.748.602,75 €	8.344	5.602,66 €	43.271.342,76 €	8.245	5.248,19 €	90.019.945,51 €	16.589	5.426,48 €

(*) As cifras de 2021 foron corrixidas con respecto aos datos do informe de 2021, tal e como se indicou.

IV.2. SUBVENCIÓN NOMINATIVAS OUTORGADAS A ENTIDADES , PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS PRIVADAS.

No **anexo 10** recóllese o detalle de todas as subvencións nominativas aprobadas no período 01/01/2022 ao 31/12/2022 a favor de entidades, persoas físicas ou xurídicas privadas con indicación dos beneficiarios, o obxecto e o importe das subvencións outorgadas en cada exercicio.

A información detallada no citado **anexo** mais a aportada nos informes anteriores dá lugar ao seguinte resumo :

EXERCICIO	SUBVENCIÓN NOMINATIVAS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	2.014.377,15 €	69	29.193,87 €
2013	4.387.878,66 €	117	37.503,24 €
2014	5.298.225,83 €	134	39.539,00 €
2015	3.718.715,03 €	108	34.432,55 €
2016	3.162.623,66 €	76	41.613,47 €
2017	2.748.079,08 €	60	45.801,32 €
2018	2.750.190,49 €	55	50.003,46 €
2019	1.441.876,28 €	32	45.058,63 €
2020	1.226.366,44 €	31	39.560,21 €
2021	1.819.703,37 €	39	46.659,06 €
2022	1.268.073,61 €	25	50.722,94 €
TOTAIS	29.836.109,60 €	746	39.994,78 €

IV.3. REDE CULTURAL: ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS PRIVADAS.

Nos exercicio 2020 e 2021, por mor da pandemia, non se concederon actuacións as entidades privadas, recuperándose a súa concesión no 2022

A información detallada no citado **anexo 11** mais a aportada nos informes anteriores dá lugar ao seguinte resumo :



EXERCICIO	REDE CULTURAL		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	217.000,00 €	532	407,89 €
2013	216.150,00 €	509	424,66 €
2014	198.515,00 €	475	417,93 €
2015	199.925,00 €	477	419,13 €
2016	278.665,00 €	472	590,39 €
2017	370.143,20 €	389	951,52 €
2018	538.453,80 €	577	933,20 €
2019	642.936,00 €	666	965,37 €
2020	- €	0	
2021		0	
2022	420.917,00 €	415	1.014,26 €
TOTAIS	3.082.705,00 €	4.512	683

IV.4. IMPORTES TOTAIS AUTORIZADOS OU COMPROMETIDOS A FAVOR DE ENTIDADES PRIVADAS.

No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022 tramitáronse as subvencións a favor de entidades indicadas nos apartados anteriores, que totalizan os seguintes importes:

EXERCICIO	SUBVENCIÓN CONCORRENCIA	SUBVENCIÓN NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL SUBVENCIÓN 2012-2022
2012	4.774.211,45 €	2.014.377,15 €	217.000,00 €	7.005.588,60 €
2013	5.466.766,50 €	4.387.878,66 €	216.150,00 €	10.070.795,16 €
2014	4.992.951,64 €	5.298.225,83 €	198.515,00 €	10.489.692,47 €
2015	7.132.706,20 €	3.718.715,03 €	199.925,00 €	11.051.346,23 €
2016	7.959.792,22 €	3.162.623,66 €	278.665,00 €	11.401.080,88 €
2017	13.344.235,23 €	2.748.079,08 €	370.143,20 €	16.462.457,51 €
2018	13.203.865,01 €	2.750.190,49 €	538.453,80 €	16.492.509,30 €
2019	14.851.823,37 €	1.441.876,28 €	642.936,00 €	16.936.635,65 €
2020	14.948.239,36 €	1.226.366,44 €	- €	16.174.605,80 €
2021	27.933.829,36 €	1.819.703,37 €	- €	29.753.532,73 €
2022	30.494.643,03 €	1.268.073,61 €	420.917,00 €	32.183.633,64 €
TOTALES	145.103.063,37 €	29.836.109,60 €	3.082.705,00 €	178.021.877,97 €

PORCENTAXES SOBRE TOTAIS		
81,51%	16,76%	1,73%



V- ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Os pagos líquidos efectuados os grupos políticos no período 2016-2022 foron os seguintes:

EVOLUCIÓN APORTACIONES A GRUPOS POLÍTICOS 2016-2022

Anualidad	PP	PSOE	BNG	Marea Atlántica	Compostela Aberta	Alternativa dos Veciños	Totais	%Incr.
2016	8.032,97	0,00	17.528,97	3.399,87	5.428,77	13.326,28	47.716,86	
2017	19.149,19	5.495,78	19.644,06	15.135,06	8.144,56	12.922,20	80.490,85	68,68
2018	19.042,84	26.400,60	20.605,46	16.607,07	12.520,64	13.904,54	109.081,15	35,52
2019	38.388,86	26.224,14	24.738,42	13.197,60	6.478,66	14.881,82	123.909,50	13,59
2020	48.970,32	73.301,31	41.828,61	13.788,22	0,00	30.000,00	207.888,46	67,77
2021	87.172,47	88.396,41	46.350,67	26.349,78	0,00	30.000,00	278.269,33	33,86
2022	103.885,78	89.829,74	46.561,15	23.587,68	0,00	30.000,00	293.864,35	5,60
TOTAIS	324.642,43	309.647,98	217.257,34	112.065,28	32.572,63	145.034,84	1.141.220,50	515,85

A desagregación dos importes percibidos polos grupos políticos provinciais no exercicio 2022 foi a seguinte:

EXERCICIO 2022

Grupo Político	Importe asignación anual	Importe total xustificado	Importe anticipado	Reintegro	Pagos líquidos	Economía
PP	108.000,00	103.885,78	105.668,40	1.782,62	103.885,78	4.114,22
PSOE	90.000,00	89.829,74	90.000,00	170,26	89.829,74	170,26
BNG	48.000,00	46.561,15	46.561,15	-	46.561,15	1.438,85
Marea Atlántica	30.000,00	23.587,68	23.587,68	-	23.587,68	6.412,32
Alternativa dos veciños	30.000,00	30.451,21	30.000,00	-	30.000,00	0,00
TOTAIS	306.000,00	294.315,56	295.817,23		293.864,35	12.135,65

VI.-OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO A FAVOR DE PERSOAS OU ENTIDADES PRIVADAS

VI.1.- BOLSAS DE PRÁCTICAS FORMATIVAS.

VI.1.1.- Bolseiros incluídos na actividade de fomento da Deputación correspondentes a convenios coas Universidades galegas ou de bases aprobadas pola Deputación.



Dende o exercicio 2021 non se realizan prácticas formativas.

As prácticas que se viñan realizando en anos anteriores proviñan de :

- Convenios coas Universidades da Coruña e Santiago. Estas prácticas poden ter natureza curricular ou extracurricular. Estas últimas non forman parte dun plan de estudos, senón que son voluntarias e realízanse con posterioridade ás curriculares. A selección dos candidatos realízase polas citadas Universidades.
- Bolseiros seleccionados pola propia Deputación en función dunhas bases elaboradas polos distintos servizos.

O resumo dos importes abonados aos bolseiros nos anos 2017 a 2020 son os seguintes:

EXERCICIO	PRÁCTICAS BOLSEIROS		SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL BOLSEIROS	
	IMPORTE BOLSEIROS	Nº MEDIO BOLSEIROS		IMPORTE	GTO.MEDIO BOLSEIRO
2017	324.723,39	31	12.826,22	337.549,61	10.889
2018	366.851,63	34	15.997,47	382.849,10	11.260
2019	279.858,28	26	14.958,69	294.816,97	11.339
2020	28.896,90	4	1.742,76	30.639,66	7.660
TOTAIS	1.000.330,20	95	45.525,14	1.045.855,34	11.009

VI.1.2.- Bolsas concedidas pola Deputación para investigación, perfeccionamento de estudos ou deportivas.

As bolsas concedidas pola Deputación da Coruña no exercicio 2022 son as que se relacionan no **anexo 12**, e cuxo resúmen é o seguinte:

UNIDADE XESTORA	Nº BOLSEIROS	IMPORTE TOTAL CONCEDIDO
BOLSAS DE INVESTIGACIÓN	21	210.000,00
BOLSAS DE ESTUDIOS ARTÍSTICOS	25	260.000,00
BOLSAS DEPORTISTAS	45	157.500,00
BOLSAS CONSERVATORIO DE DANZA	4	10.388,11
TOTAIS CONCEDIDOS	95	637.888,11

A evolución das Bolsas concedidas pola Deputación nos exercicios 2017-2022 foi a seguinte:



EVOLUCIÓN BOLSAS CONCEDIDAS 2017-2022

ANUALIDAD	INVESTIGACION	ESTUDIOS ARTISTICOS	DEPORTISTAS	CONSERVATORIO DANZA	TOTAIS
2017	160.000,00	180.000,00	90.000,00	23.580,62	453.580,62
2018	160.000,00	180.000,00	134.000,00	28.251,39	502.251,39
2019	160.000,00	180.000,00	147.000,00	29.965,83	516.965,83
2020	160.000,00	180.000,00	157.500,00	0,00	497.500,00
2021	200.000,00	250.000,00	157.500,00	0,00	607.500,00
2022	210.000,00	260.000,00	157.500,00	10.388,11	637.888,11
TOTAIS	1.050.000,00	1.230.000,00	843.500,00	92.185,95	3.215.685,95

No exercicio 2022 quedaron desertas as dúas Bolsas convocadas da Área de estudos de xénero (BINV-EX) por un importe total de 20.000,00 €.

Neste apartado, os servizos da Intervención Provincial consideran relevante que se definan nas Bases de cada convocatoria os contidos e alcance das Memorias a elaborar e os criterios debidamente ponderados de valoración destas pola autoridade académica que se designe nas propias bases.

VI.2.- PREMIOS

Os premios concedidos pola Deputación da Coruña no exercicio 2022 son os que se relacionan no **anexo 13**, e cuxo resúmen é o seguinte:

UNIDADE XESTORA	Nº PREMIOS	Nº PREMIADOS	TOTAL CONCEDIDO
CULTURA	12	35	348.413,14
DEPORTES	5	100	49.950,00
SERVICIOS SOCIAIS	4	3	14.000,00
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	2	4	17.000,00
PROMOCION ECONOMICA	0	0	0,00
ESCOLA DE DANZA: PREMIOS Á EXCELENCIA	1	2	1.000,00
DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA	1	6	75.000,00
TOTAIS CONCEDIDOS	25	150	505.363,14

No exercicio 2022 se concederon os novos premios que se indican:

Certame "**Fondo de proxectos culturais do Reino de Galicia**" de divulgación do Reino Medieval de Galicia, **convocatoria de 2021** por un importe total de **244.913.14€**.

No exercicio 2022, non se convocaron os Premios da Deputación que se relacionan a continuación :



DEPORTES	COPA DE FÚTBOL
CULTURA	Premio "Andrés Gaos" de composición musical PREM-AG
	Certame de arte "Isaac Díaz Pardo" PREM-DP
	Premio "Manuel Murguía" de ensaio PREM-MM
	Premio "Rafael Dieste" de textos teatrais PREM-RD
SERVIZOS SOCIAIS	Concurso de guións contra a violencia de xénero PREM-CG

A evolución dos Premios da Deputación nos exercicios 2017-2022 foi a seguinte:.

EVOLUCIÓN PREMIOS CONCEDIDOS 2017-2022

ANUALIDADE	CULTURA E DEPORTES (*)	SERVIZOS SOCIAIS (*)	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	PROMOCIÓN ECONÓMICA	CONSERVATORIO DANZA	DESENVOLVEM. TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA (**)	TOTAIS
2017	119.000,00	193.000,00	6.000,00	50.000,00	1.500,00	0,00	369.500,00
2018	120.000,00	219.000,00	6.000,00	75.000,00	1.500,00	7.500,00	429.000,00
2019	367.300,00	192.412,21	6.000,00	75.000,00	1.500,00	7.500,00	649.712,21
2020	73.500,00	23.000,00	6.000,00	0,00	0,00	0,00	102.500,00
2021	111.000,00	129.000,00	6.300,00	0,00	0,00	75.000,00	321.300,00
2022	398.363,14	14.000,00	17.000,00	0,00	1.000,00	75.000,00	505.363,14
TOTAIS	1.189.163,14	770.412,21	47.300,00	200.000,00	5.500,00	165.000,00	2.377.375,35

(*) Premios pendentes de conceder das convocatorias do 2022:

DEPORTES	CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES	7.950,00
CULTURA	Premio "Xoán Vicente Viqueira" de investigación en ciencias sociais, humanidades, sustentabilidade e innovación PREM-XV	19.500,00
SERVIZOS SOCIAIS	Premio de boas prácticas en servizos sociais PREM-BP	40.000,00
	Premio "Concepción Arenal" a proxectos educativos pola igualdade de xénero PREM-CA	15.000,00
	Concurso de microvideos "De fronte á violencia de xénero" PREM-FVX	10.000,00
	Convocatoria de Concurso de ideas "Luísa Villalta" de proxectos culturais pola igualdade PREM-LV	100.000,00
TOTAL		192.450,00



(**) Premios pendentos de conceder de convocatorias anteriores:

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA	Premio de traballos de investigación escolar "LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA" PREM-LACAL (convocatoria de 2021)	8.500,00
TOTAL		8.500,00

VII.- IMPORTES AGREGADOS DA ACCIÓN DE FOMENTO PROVINCIAL

Á vista da información dispoñible ponse de manifesto a magnitude da acción de fomento orientada aos entes públicos e privados da provincia, que presenta a desagregación total o seguinte:

TOTAL ACCION FOMENTO PERIODO 2012-2022

EXERC.	CONCELLOS	ENTIDADES LOCAIS D. PÚBLICO	ENTIDADES, PERSOAS FISICAS E XURÍDICAS	BOLSEIROS		PREMIOS	ASIGNACION GRUPOS POLITICOS	TOTALS
				PRÁCTICAS	OUTROS			
2012	56.388.966,11	5.368.324,84	7.005.588,60				0,00	68.762.879,55
2013	47.128.239,36	6.470.905,44	10.070.795,16				0,00	63.669.939,96
2014	74.985.248,96	5.764.505,90	10.489.692,47				0,00	91.239.447,33
2015	68.649.212,25	6.541.608,64	11.051.346,23				0,00	86.242.167,12
2016	102.092.032,00	5.648.629,20	11.401.080,88				47.716,86	119.189.458,94
2017	100.248.679,43	6.019.418,05	16.462.457,51	337.549,61	453.580,62	369.500,00	80.490,85	123.971.676,07
2018	112.643.825,09	6.342.685,86	16.492.509,30	382.849,10	502.251,39	421.500,00	109.081,15	136.894.701,89
2019	114.633.511,00	6.785.567,13	16.936.635,65	294.816,97	516.965,83	649.712,21	123.909,50	139.941.118,29
2020	84.505.244,97	6.786.301,68	16.174.605,80	30.639,66	497.500,00	102.500,00	207.888,46	108.304.680,57
2021	116.373.324,38	7.631.587,36	29.753.532,73	0,00	607.500,00	321.300,00	278.269,33	154.965.513,80
2022	114.599.512,17	7.079.828,58	32.183.633,64	0,00	637.888,11	505.363,14	293.864,35	155.300.089,99
TOTALS	992.247.795,72	70.439.362,68	178.021.877,97	1.045.855,34	3.215.685,95	2.369.875,35	1.141.220,50	1.248.481.673,51



Estas cifras desagregadas segundo os distintos conceptos da acción de fomento, e en relación co orzamento inicial de 2022, sería a seguinte:

Concepto acción de fomento	Orzamento inicial 2022	Importe concepto	Nº exptes. tramitados	% s orzamento inicial
Plans		86.652.395,89	831	45,79
Subvenciones nominativas Concellos+ Entidades públicas y privadas+ Entes dereito público		12.816.901,97	116	6,77
Subvencións Concorrenxia + Rede Cultural Concellos + Entidades		50.273.339,83	7.736	26,57
Subvención concorrenxia outros Entes de dereito público		739.958,24	36	0,39
Transferencias correntes		3.380.378,46	2	1,79
Asignacións a Grupos Políticos		293.864,35	5	0,16
Bolseiros Prácticas		0,00	0	0,00
Bolsas		637.888,11	95	0,34
Premios		505.363,14	150	0,27
Total acción de fomento 2022	189.235.000,00	155.300.089,99	8.971	82

As **achegas aos concellos** recóllense na seguinte táboa no que se inclúen tanto as achegas aos Plans Provinciais, como as subvenciones nominativas e de concorrenxia competitiva, así como os importes asignados aos Consorcios e a outras entidades de dereito público.

Compáranse estes datos co orzamento inicial da Deputación da Coruña para a anualidade 2022.

Orzamento inicial 2022	189.235.000,00	Importe	% s orzamento inicial
Plans		86.652.395,89	45,79
Nominativas Concellos (inclúe Consorcios e outros entes dependentes por 1.560.000€)		10.149.336,48	5,36
Concorrenxia + Rede Cultural Concellos (inclúe entes dependentes por 25,992,60€)		19.383.772,40	10,24
Total acción de fomento Concellos 2022		116.185.504,77	61,40

Os importes totais percibidos por cada un dos Concellos da provincia por toda a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no exercicio 2022 se relacionan no **Anexo 14**

Non obstante, por segundo ano consecutivo é preciso ter en consideración as renuncias as subvencións outorgadas, cuxo volume ten unha importancia relevante.

As anulacións contabilizadas no exercicio 2022 en concepto de perdas de dereito e renuncias, así como de economías por menores xustificacións foron as seguintes :



EXERC.	CAPITULO 4			CAPITULO 7			TOTAIS		
	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAL CAP.4	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAL CAP.7	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAIS
2020	1.305.440,51	1.922.950,35	3.228.390,86	1.284.066,45	1.036.227,03	2.320.293,48	2.589.506,96	2.959.177,38	5.548.684,34
2021	2.888.593,00	1.128.171,45	4.016.764,45	785.024,02	888.333,01	1.673.357,03	3.673.617,02	2.016.504,46	5.690.121,48
2022	2.217.706,35	2.519.829,12	4.737.535,47	533.327,56	1.689.668,89	2.222.996,45	2.751.033,91	4.209.498,01	6.960.531,92
TOTAIS	6.411.739,86	5.570.950,92	11.982.690,78	2.602.418,03	3.614.228,93	6.216.646,96	9.014.157,89	9.185.179,85	18.199.337,74

Polo que se refire ao número de expedientes que se viron afectados, foron os que se indican:

EXERC.	NUMERO EXPEDIENTES CAPITULO 4			NÚMERO EXPEDIENTES CAPITULO 7			TOTAIS		
	ECONOMIAS	PERDAS DEREITOS	TOTAL CAP.4	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAL CAP.7	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAIS
2020	464	235	699	244	136	380	708	371	1079
2021	553	197	750	209	104	313	762	301	1063
2022	570	342	912	190	199	389	760	541	1301
TOTAIS	1.587	774	2.361	643	439	1.082	2.230	1.213	3.443

En canto as porcentaxes que estas anulacións representan sobre a totalidade da acción de fomento da Deputación para o exercicio 2022, son as que se sinalan:

EXERCICIO	TOTAL ACCION FOMENTO	ECONOMIAS	% S/ACCION FOMENTO	PERDAS DEREITO	% S/ACCION FOMENTO	TOTAIS	%S/ACCION FOMENTO
2020	108.304.680,57	2.589.506,96	2,39	2.959.177,38	2,73	5.548.684,34	5,12
2021	154.965.513,80	3.673.617,02	2,37	2.016.504,46	1,30	5.690.121,48	3,67
2022	155.300.089,99	2.751.033,91	1,77	4.209.498,01	2,71	6.960.531,92	4,48
TOTAIS	418.570.284,36	9.014.157,89	2,15	9.185.179,85	2,19	18.199.337,74	4,35

Sinalar que se procedeu a actualizar os datos da acción de fomento do 2021, de acordo co xa exposto , no senso de engadir ao importe que figuraba no informe do ano 2021 os 3.967.500,00€ do PEL Hostalería, non incluído no dito informe. (150.998.013.80+3.967.500.00=154.965.513.80).



VIII.- CONSIDERACIÓNS FINAIS

VIII.1.- CONSIDERACIÓNS SOBRE A ACCIÓN DE FOMENTO NO ANO 2022 A FAVOR DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

VIII.1.a).- O Plan Único de Obras e Servizos (POS+).

No exercicio 2022 os importes concedidos aos concellos nos diferentes plans provinciais foron os seguintes:

	INVESTIMENTOS	
	ACHEGA PROV	Nº PROXECTOS
POS + ACHEGA 2021	6.827.274,80	70
POS + ACHEGA 2020	20.685.721,79	214
POS + PRÉSTAMO 2021		
SUBTOTAL POS + 2021	27.512.996,59	284
POS + AD1/2021 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS		
POS + AD2/2021	24.714.860,83	252
SUBTOTAL PLANES ADICIONALES	24.714.860,83	252
TOTAL APROBADO NO 2021	52.227.857,42	536

A distribución do citado importe e a seguinte:

INVESTIMENTOS	REVISIÓN DE PREZOS	GASTO CORRENTE	REDUCCIÓN DÉBEDA	TOTAL
ACHEGA PROV	ACHEGA PROV	ACHEGA PROV	ACHEGA PROV	ACHEGA PROV

POS + ACHEGA 2022	5.994.201,96		13.998.985,74		19.993.187,70
POS + ACHEGA 2021	17.369.175,21		25.377,45		17.394.552,66
POS + PRÉSTAMO 2022				264.657,00	264.657,00
SUBTOTAL POS + 2022 BASE	23.363.377,17		14.024.363,19	264.657,00	37.652.397,36
POS + AD1/2022 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	334.045,21		6.665.954,79		7.000.000,00
POS + AD2/2022	30.513.496,80	629.875,22	10.856.626,51		41.999.998,53
SUBTOTAL PLANES ADICIONAIS	30.847.542,01	629.875,22	17.522.581,30		48.999.998,53
TOTAL APROBADO NO 2022	54.210.919,18	629.875,22	31.546.944,49	264.657,00	86.652.395,89



No ano 2017 aprobouse o POS+2017 cunhas bases que introducen importantes novidades en relación cos Plans de anos anteriores coa intención de acadar unha serie de finalidades previamente expostas materializadas na necesidade de reducir o número de plans de colaboración cos concellos, o que comportará a racionalización e obxectivación de dita colaboración, así como a simplificación das tarefas administrativas, tanto dos concellos como da Deputación. Así mesmo, trátase de incrementar a autonomía municipal e facilitar a planificación dos concellos e axudar a redución do seu endebedamento.

O POS+ é un plan dinámico, xa que pode ver incrementada a súa dotación orzamentaria ao longo do ano en función das dispoñibilidades orzamentarias da Deputación. Por outra banda, tamén é susceptible de adaptarse as necesidades concretas dos concellos sen as limitacións impostas por anteriores accións de fomento.

O dinamismo deste Plan demóstrase á vista dos datos postos de manifesto ao longo do presente informe, dos que se deriva un incremento nos fondos dedicados no exercicio 2018 de 10.756.823,25€, con respecto ao ano 2017 e de 5.439.340,66€ do ano 2017 en relación co 2016. O incremento no exercicio 2019 con respecto ao 2018 foi de 1.065.170,33€. A minoración dos importes concedidos (fase contable "D", compromiso de gasto) no exercicio 2020 con respecto a exercicios anteriores ven motivado pola excepcionalidade que orixinou a pandemia Covid-19. No exercicio 2021 produciuse unha nova recuperación da inversión, con respecto ao 2020 por importe total de 27.680.380,01€, o que supón un incremento porcentual do 49,20%. No exercicio 2022 incrementouse novamente as achegas nun importe total de 2.713.322,00€ con respecto a ano anterior.

Con respecto ao POS Social do 2021, do único do que se dispoñen datos á data de emisión do presente informe, sinalar que do total concedido que ascendeu a a 13.848.408.04€ se reintegraron, de momento, un total de 2.275.106,67€ por xustificación insuficiente dos gastos.

O recente informe do Consello de Contas denominado "Anteproxecto do informe de seguimento de recomendacións. Exercicio 2020-2021 " recolle un conxunto de Recomendacións que a Corporación debe analizar e valorar. (**Anexo 18**).

VIII.1.b).- Consideracións sobre as convocatorias en réxime de publicidade e concorrència.

Nos anos 2012 a 2022 tramitáronse 173 convocatorias de subvencións finalistas a favor de concellos da provincia en réxime de concorrència, coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv.
2012	16
2013	16
2014	18
2015	21
2016	23
2017	12
2018	12
2019	13
2020	14
2021	14
2022	14
TOTAL	173



No **anexo 5** se inclúe o listado das convocatorias de 2022 .

Se as 14 convocatorias do 2022 dirixidas a Concellos lle engadimos as 49 de Entidades , se conclúe que o total de convocatorias aprobadas no exercicio 2022 foi de 63. Se engadimos a Rede Cultural, o número de convocatorias ascende a 64.

Así mesmo, débese sinalar que das 14 convocatorias aprobadas para os Concellos, (excluíndo a Rede Cultural) en nove delas se financian exclusivamente gastos de persoal, en tres se financian gastos de persoal e outro tipo de gastos non relacionados cos de persoal, e a última é a do Pel Reactiva Fondo de Financiamento.

Nos exercicios 2012 a 2022 o número de expedientes tramitados nos distintos eixos da acción de fomento dirixidas a Concellos, foi de 30.570 o que dá unha idea aproximada dos custos de xestión que implican para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión, xustificación parcial e total, pagos anticipados e finais, reintegros. Actividades todas elas que requiren dunha documentación específica, de informes e propostas preceptivas e das correspondentes resolucións, notificacións e publicacións.

EXERCICIO	Nº EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2022				
	PLANS PROVINCIAIS	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL
2012	480	1.026	62	748	2.316
2013	256	1.149	150	632	2.187
2014	477	1.310	206	765	2.758
2015	365	1.522	63	796	2.746
2016	838	1.516	84	952	3.390
2017	756	558	76	1.149	2.539
2018	885	567	57	1.217	2.726
2019	825	608	47	1.159	2.639
2020	606	654	23	1.264	2.547
2021	737	741	22	2.398	3.898
2022	831	677	77	1.239	2.824
TOTAIS	7.056	10.328	867	12.319	30.570

A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia, o que require da necesaria coordinación nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvencionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.
- Na homoxeinización da tramitación administrativa requirida dos destinatarios : solicitude e documentación xustificativa.

O importe da subvención media do período 2012-2022 a favor dos concellos, ascendeu a 32.458,22€ coa distribución que se indica na seguinte táboa:



EXERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2022				
	PLANS PROVINCIAIS	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL
2012	80.071,52	12.461,62	72.893,55	868,48	24.347,57
2013	96.955,57	8.986,40	75.673,75	998,69	21.549,26
2014	91.555,89	9.740,27	86.385,46	990,76	27.188,27
2015	127.156,84	9.480,90	111.594,74	975,59	24.999,71
2016	89.516,09	12.176,06	90.506,57	1.067,33	30.115,64
2017	106.420,40	21.401,88	86.199,11	1.132,70	39.483,53
2018	103.062,88	25.547,21	95.279,64	1.246,48	41.322,02
2019	111.849,47	24.660,27	123.647,32	1.339,80	43.438,24
2020	92.836,13	38.007,78	91.870,18	1.009,85	33.178,35
2021	113.892,91	34.158,32	196.192,92	1.170,43	29.854,62
2022	104.274,84	26.404,98	111.549,82	1.195,81	40.580,56
TOTAIS	101.919,54	17.256,50	93.553,61	1.117,58	32.458,22

No que se refire, especificamente , as convocatorias do PEL, a evolución dos expedientes tramitados nas ditas convocatorias dirixidas a concellos dende o 2020 ao 2022,son os seguintes.

Nº EXPEDIENTES POR CONVOCATORIA	CONCEDIDAS 2020	CONCEDIDAS 2021	CONCEDIDAS 2022
PEL CONCELLOS	82	82	89
PEL REACTIVA (GASTOS COVID)	88	0	0
PEL ORQUESTAS Y VERBENAS	0	0	79
TOTAL	170	82	168

En canto aos importes concedidos aos concellos no dito período, os datos son os que se indican a continuación:

Nº EXPEDIENTES POR CONVOCATORIA	CONCEDIDAS 2020	CONCEDIDAS 2021	CONCEDIDAS 2022
PEL CONCELLOS	2.986.902,41 €	5.985.174€	3.338.987,83 €
PEL REACTIVA (GASTOS COVID)	9.949.470,39 €	0,00 €	0,00 €
PEL ORQUESTAS Y VERBENAS	0,00 €	0,00 €	623.541,75 €
TOTAL	12.936.372,80 €	5.985.173,83 €	3.962.529,58 €

(*) PEL CONCELLOS : Carácter extraordinario o incremento de 3.000.000,00€ para o ano 2021.
PEL REACTIVA : Carácter extraordinario Gastos COVID para o ano 2020.
PEL ORQUESTAS E VERBENAS : Carácter extraordinario da convocatoria pra o ano 2021.

En determinadas convocatorias só poden participar aqueles concellos que prestan os servizos aos que van destinadas as subvencións (por exemplo, conservatorios e escolas de música, limpeza de praias); outras, teñen por finalidade contar co persoal adecuado para cumprir o servizo (animadores culturais, animadores deportivos, normalización lingüística). A este respecto hai que sinalar diversos comentarios relevantes:

- Os concellos deben contar co persoal que require a prestación ordinaria dos servizos da súa competencia, adecuadamente identificado a través da preceptiva relación de postos de traballo.
- A contratación de persoal laboral temporal ou funcionario interino está sometida ás condicións e límites



recolleitos na normativa de xeral aplicación ás entidades locais, que non deberán inaplicarse pola acción de fomento doutras Administracións Públicas.

- Na maior parte dos casos estanse a encadear contratos laborais de duración determinada, ano tras ano, que non responden a necesidades conxunturais si non a circunstancias estruturais e a necesidades permanentes.
- As subvencións finalistas outorgadas poden contribuír a manter a situación de posible incumprimento das normas laborais de xeral aplicación, mantendo unha situación de precariedade laboral continuada.
- Polas razóns expostas, parece necesario destinar os recursos provinciais á consolidación ou estabilización dos postos de traballo dos concellos que son obxecto de subvencións provinciais finalistas para a contratación de persoal, e que respondan a necesidades estruturais destes, de acordo cos servizos e competencias municipais que xestionan.
- No presente exercicio 2023, resulta de especial transcendencia establecer as condicións que permitan aos Entes Locais da provincia adaptar a súa contratación laboral ao establecido no Real Decreto 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

En todo caso resulta necesario recordar que a forma normal de cooperar cos concellos da provincia é a través dun Plan Provincial de obras e Servizos, se é posible único, baseado en criterios obxectivos, que teña en conta a Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local e a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios, nos que estes participen na súa elaboración, aprobación e execución. Todo iso de conformidade co establecido no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, no artigo 36 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 110 a 112 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia. Os concellos poden acudir á liña de financiamento de gastos correntes dos servizos municipais mínimos que figura no POS+.

VIII.1.c).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a favor de concellos.

Ao longo do exercicio 2022 tramitáronse 77 subvencións nominativas dirixidas a concellos da provincia por un importe total de 8.589.336,48 €.

Como se indicou de forma reiterada por esta Intervención provincial só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación, na Ordenanza provincial de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pódese xustificar a excepción a xeral aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Esta circunstancia excepcional non foi acreditada, a xuízo deste servizo de fiscalización provincial en tódolos expedientes tramitados, nos que se emitiu o preceptivo informe de fiscalización con reparos por entender que concorren as circunstancias expresadas no artículo 216.2.c do TRLRFL. (omisión de requisitos ou trámites esenciais) e por considerar que non concorren as condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións para xustificar o carácter nominativo das subvencións tramitadas.

Os informes críticos emitidos responden as seguintes circunstancias:

-O obxecto da subvención nominativa aprobada podía ser financiado a través do Plan Único de Obras e Servizos (POS) ou das convocatorias xerais aprobadas no exercicio dirixidas a concellos.

-O obxecto da subvención refírese a investimentos ou actividades de competencia municipal comúns a todos os concellos da provincia e nos expedientes non se acredita a excepcionalidade que concorre para o seu financiamento provincial singular.

-Non se acreditan os criterios obxectivos tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial e o coeficiente de financiamento resultante. Cuestión que resulta particularmente relevante se se toma en consideración os importes medios das subvencións outorgadas en concorrencia e das concedidas con carácter nominativo.



En todo caso, aprovéitase esta ocasión para suxerir a tramitación dunha convocatoria de subvencións dirixidas a concellos para proxectos de singular interese provincial que non poidan incluírse no Plan Único de Obras e Servizos (POS) para que a través de criterios obxectivos se permita garantir os principios constitucionais de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, obxectividade e interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

A configuración de Bases específicas para proxectos singulares nas áreas de actividade de Cultura, Deportes e Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente permitiu que no exercicio 2020 reducírase significativamente o número e contía das subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas en exercicios anteriores, se relacionan no **Anexo 15**. As ditas convocatorias continuaron tramitándose no 2022.

Debe insistirse en que a acción de fomento provincial dirixida aos concellos da provincia debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, entre os que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas administracións públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.

Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e así se acredite no expediente administrativo. En todo caso debe tomarse en consideración o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e no artigo 67.3 do Regulamento desta para motivar adecuadamente o outorgamento da achega provincial, a súa contía, o coeficiente de financiamento proposto e demais puntos recollidos na Ordenanza Provincial de subvencións e transferencias e nas Bases de execución do Orzamento provincial.

Tamén, é necesario lembrar do apartado III do informe da Intervención Provincial do 28/3/2012, a proposta da Presidencia e o Acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 10 de abril do ano 2012, nos que, entre outras cuestións se expoñía que a “tramitación dun Plan estratéxico provincial para o período 2012-2015 que permita orientar as actividades e servizos provinciais que se han de prestar aos concellos, ás organizacións públicas ou privadas do ámbito provincial e á cidadanía da provincia, de acordo coas circunstancias e necesidades actuais, tomando en consideración as oportunidades que permitan o marco estratéxico de converxencia económica da Unión Europea”. Esta reflexión sobre as actividades e servizos provinciais faise máis necesaria, se cabe, tras a entrada en vigor das distintas normas estatais e autonómicas que se refiren ás competencias dos entes locais.

Finalmente, é necesario recordar o contido do Informe do Consello de Contas sobre os criterios de repartición de recursos entre Concellos a través dos Plans Provinciais e a eficiencia do gasto nas lexislaturas de 2003 a 2019, (**Anexo 17**) do que citamos, textualmente, os parágrafos que se indican:

- Últimos parágrafos da PAG 18

Respecto dos convenios de concesión directa de subvencións

"12.Dos convenios asinados nos exercicios en que se realizou a mostra, resulta que, pese a que debe ser un instrumento de carácter excepcional, representan o 44% do importe da achega da Deputación ao POS 2007; do 124% da achega para o exercicio 2010; do 50% da achega para o exercicio 2015 e do 12% para a exercicio 2017.

13.No relativo á xustificación das razóns para a celebración dos convenios, nos convenios obxecto da mostra a motivación da excepcionalidade límitase a incorporar na resolución de aprobación o contido xenérico de que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade realizada, polo que non se pode considerar como xustificada.

14.O obxecto dos convenios revisados é cooperar na prestación dun servizo municipal e conseguintemente, deberon ser incluídos nos POS."

- Primeiro parágrafo da PAG.65



"Como conclusión, cabe salientar que os convenios administrativos non poden ser un instrumento que permita eludir a inclusión dunha obra ou servizo no POS. A celebración de convenios cuxo obxecto puido financiarse no marco do POS ou doutros plans especiais que garanten a publicidade e concorrencia competitiva, implica unha alteración no reparto efectivo dos fondos provinciais destinados a cooperación na prestación dos servizos municipais e a formalización dos mesmos non só vulnera os principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, senón que tamén vulnera o fin propio e específico da entidade de garantir o principio de solidariedade e equilibrio intermunicipal."

Sinalar que, do total das 77 subvencións nominativas tramitadas no 2022 a favor dos concellos, se informaron sen reparo as seguintes:

EXPEDIENTE	OBXECTO	NIF	INTERESADO	IMPORTE CONCEDIDO
202200000917	PRAM/2022 - Prórroga: Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma	(P1503000J)	CONCELLO DA CORUÑA	120.926,27
202200000550	Mantemento da Unidade de Conduas Aditivas no ano 2022	(P1501900C)	CONCELLO DE CARBALLO	30.000,00
2021000046406	PRAM/2022- Prórroga: Mantemento xeral da casa de acollida	(P1503700E)	CONCELLO DE FERROL	100.891,64
2022000045210	PRAM/2023-2026: Ferrol Mantemento xeral da casa de acollida	(P1503700E)	CONCELLO DE FERROL	100.891,64
2022000007018	instalacións e urbanización exterior do centro social de Carreira, do concello de Ribeira	(P1507400H)	CONCELLO DE RIBEIRA	213.101,22
TOTAL CONCELLOS				565.810,77

VIII.2.- CONSIDERACIÓNS SOBRE AS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS A ENTIDADES PÚBLICAS.

Entre as entidades de dereito público ás que se outorgaron subvencións nominativas no exercicio 2021 e en anos anteriores, figuran as Universidades Públicas que realizan actividades na provincia: Universidade de Santiago de Compostela (USC), Universidade da Coruña (UDC).

A reiteración e permanencia das subvencións outorgadas aconsella elaborar e aprobar un Programa específico de colaboración anual coas Universidades citadas no que se establezan obxectivos compartidos, criterios de asignación dos recursos provinciais, coeficiente de financiamento e demais elementos relevantes para a acción de fomento provincial. Neste apartado resulta especialmente ilustrativo o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026.

Por idénticas razóns propónse a elaboración e aprobación de proxectos singulares e excepcionais nos ámbitos de fomento da lingua galega ou outros que permitan incardinar as subvencións nominativas actuais a programas de subvencións en réxime de concorrencia competitiva en condicións de publicidade e acordos cos principios xerais contidos na normativa reguladora das subvencións públicas.

Sinalar que, do total das 14 subvencións nominativas tramitadas no 2022 a favor destas entidades, se informaron sen reparo as seguintes:



EXPEDIENTE	OBXECTO	NIF	INTERESADO	IMPORTE CONCEDIDO
2022000002965	Asesoría enerxética 2022	(G70053087)	FUNDACION AXENCIA ENERXETICA PROVINCIA A CORUÑA	51.010,00
2022000030537	Cursos na sede da Coruña do ano 2022	(Q2818022B)	UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENEDEZ PELAYO DE MADRID	45.000,00
2022000004951	Subvención Consorcio de Bombeiros (Ferrol e Santiago)	(V15859481)	CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA	506.995,10
EE DEREITO PUBLICO				603.005,10

VIII.3.- CONSIDERACIÓNS SOBRE A ACCIÓN DE FOMENTO NO ANO 2022 DIRIXIDA A ENTIDADES PRIVADAS.

VIII.3.a).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrencia dirixidas a entidades sin ánimo de lucro.

Neste apartado resulta relevante recoller as consideracións singulares que se expoñen a continuación:

Na sesión do pleno que tivo lugar o día 28 de febreiro do 2020 aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2020-2022, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 104 do 9 de xullo. Desta forma deuse cumprimento ao establecido no artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións e nos artigos 10 a 15 do Regulamento para o seu desenvolvemento. No entanto, debe insistirse na necesidade de coordinación con outras Administracións públicas (Xunta e concellos) e na de desenvolvemento e aplicación do Protocolo suscrito coa Xunta de Galicia, que se acompaña como **Anexo 16** ao presente informe.

O Plan Estratéxico de Subvención da Deputación Provincial 2022-2022 foi prorrogado por acordo plenario do nº 61 do 22 de decembro de 2022. Neste momento resulta necesario, urxente e inaprazable actualizar o Plan Estratéxico de Subvencións para incorporar as novas Bases de Convocatorias aprobadas durante a súa vixencia, e para estudar a racionalización, simplificación e coordinación das convocatorias actuais.

Nos exercicios 2012 a 2022 tramitáronse un total 329 convocatorias, en réxime de concorrencia, cada unha delas coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:



Ano	Nº Conv
2012	15
2013	15
2014	17
2015	19
2016	27
2017	28
2018	36
2019	39
2020	39
2021	45
2022	49
TOTAL	329

No **anexo 5** se inclúe o listado das convocatorias de 2022

Se as 49 Bases de Convocatorias dirixidas a Entidades lle engadimos as 14 orientadas a Concellos, obtemos un total de 63 Bases e Convocatorias tramitadas no exercicio 2022. Se engadimos a Rede Cultural, o número de convocatorias ascende a 64.

Nos exercicios 2012 a 2022, o número de subvencións outorgadas ascendeu a ~~25.010~~ **33.522** o que dá unha idea aproximada dos custos que a súa xestión implica para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión provisional, definitiva, xustificación, pagos. Cada un dos trámites indicados require, á súa vez, dunha minuciosa documentación específica, dos informes e propostas preceptivos e das correspondentes resolucións, notificacións e/ou publicacións, etc.

EXERCICIO	EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2022			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	1.779	69	532	2.380
2013	1.779	117	509	2.405
2014	1.640	134	475	2.249
2015	1.985	108	477	2.570
2016	1.865	76	472	2.413
2017	2.036	60	389	2.485
2018	1.949	55	577	2.581
2019	2.386	32	666	3.084
2020	2.038	31	0	2.069
2021	5.402	39	0	5.441
2022	5.405	25	415	5.845
TOTAIS	28.264	746	4.512	33.522



Sinalar que se procedeu a actualizar os datos do número de expedientes do ano 2021, de acordo co xa exposto, no senso de engadir ao importe que figuraba no informe do ano 2021 os expedientes do PEL Hostalería, non incluído no dito informe.

A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia e dos concellos, o que require da necesaria coordinación nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvencionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.
- Na homoxeinización da tramitación administrativa requirida dos destinatarios: solicitude e documentación xustificativa.

A necesidade de coordinación é consecuencia de tres circunstancias relevantes:

- 1º.- A simplificación e racionalización administrativa: Coordinar e homoxeneizar as solicitudes, tramitación e xustificación suporá unha significativa redución do custe administrativo de xestión, tanto para as administracións concedentes como para os destinatarios da acción de fomento.
- 2º.- No proceso de control financeiro de subvención unha das principais infraccións detectadas é a non declaración de tódolos ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- 3º.- A existencia de convocatorias concorrentes con outras Administración públicas require que as bases correspondentes establezan criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as formas de delimitar a súa aplicación.

Os mesmos criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as súas delimitacións requírense naquelas convocatorias da propia Deputación que se dirixan aos mesmos destinatarios potenciais.

A inexistencia de criterios de compatibilidade/incompatibilidade pode dar lugar a supostos nos que o financiamento concorrente alcance ou supere o 100% do gasto subvencionable.

O importe medio das subvencións outorgadas con este procedemento (2012-2022) foi de € 5.310,60 € importe moi inferior á media das subvencións nominativas outorgadas, que ascendeu 39.994,78€. Algunhas convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto, os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.



EXERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2022			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	2.683,65	29.193,87	407,89	2.943,52
2013	3.072,94	37.503,24	424,66	4.187,44
2014	3.044,48	39.539,00	417,93	4.664,16
2015	3.593,30	34.432,55	419,13	4.300,13
2016	4.267,99	41.613,47	590,39	4.724,86
2017	6.554,14	45.801,32	951,52	6.624,73
2018	6.774,69	50.003,46	933,20	6.389,97
2019	6.224,57	45.058,63	965,37	5.491,78
2020	7.334,76	39.560,21	0,00	7.817,60
2021	5.171,02	46.659,06	0,00	5.468,39
2022	5.641,93	50.722,94	1.014,26	5.506,18
TOTAIS	5.133,85	39.994,78	683,22	5.310,60

A composición das Comisións de Valoración definidas nas bases xerais das convocatorias tramitadas nos exercicios 2018 e 2022 foron obxecto de adecuación ás consideracións contidas nos informes preceptivos da Secretaría e a Intervención de exercicios anteriores, e están conformadas por persoas expertas nas materias obxecto de cada convocatoria.

Nas Bases de convocatorias de subvencións do exercicio 2022 se incluíron previsións sobre as obrigas de publicidade polos beneficiarios que deben ser obxecto dunha adecuada reflexión para garantir a proporcionalidade das mesmas, e evitar as incidencias que a verificación de dichas obrigas de publicidade están xerando.

Debido ao elevado número de convocatorias que se están a tramitar, como xa se indicou un total de 64, no exercicio 2022 se realizou un esforzo por homologar o contido de tódalas las bases, de modo que o mesmo non fora contradictorio entre as distintas unidades xestoras ou mesmo dentro das mesmas unidades xestoras. A estes efectos, se elaborou un modelo único de bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación da Coruña, que foi aprobado por resolución da Presidencia nº 48073 de data 16 de novembro de 2022 (BOP núm 224 do 25/11/2022).

A experiencia obtida deste proceso durante o exercicio 2022, e que se reiteró nas bases do 2023 indica a necesidade de continuar con este esforzo de homologación, de modo que a tendencia sexa ampliar o contido do modelo único de bases xerais, deixando as específicas coas mínimas previsións e obrigas diferenciais das distintas convocatorias.



VIII.3.b).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a entidades sen ánimo de lucro.

En relación coas subvencións nominativas tramitadas no período obxecto de análise a favor de entidades, e persoas físicas ou xurídicas privadas, poden realizarse as seguintes consideracións:

En algunha das subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro non se acreditaron, as razóns que non permitían o seu outorgamento a través dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, a xuízo do servizo de fiscalización.

Como se pode comprobar, a maior parte das subvencións nominativas outorgadas refírese a investimentos ou actividades de carácter cultural, deportivo, de servizos sociais ou promoción económica que coinciden no seu obxecto e destinatarios con convocatorias públicas de subvencións tramitadas en réxime de concorrencia competitiva pola propia Deputación provincial, polos distintos órganos da Comunidade Autónoma ou polos concellos da provincia. Non consta a realización das tarefas orientadas á adecuada coordinación, colaboración ou cooperación coas restantes administracións públicas e tomar en consideración a posible concorrencia de subvencións públicas para a mesma finalidade (no momento da valoración da solicitude e con motivo da xustificación correspondente).

O importe da subvención provincial outorgada e o coeficiente de financiamento resultante non responde a criterios obxectivos adecuadamente expostos ou motivados nos expedientes tramitados.

Algunhas entidades foron obxecto de subvención nominativa provincial en varios exercicios, de forma anual, para o mesmo obxecto: actividade deportiva, cultural e outras. No **anexo nº 10** recóllese o detalle e o importe das subvencións outorgadas a cada entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1/1/2022 e o 31/12/2022..

Como xa se indicou no apartado anterior, o importe medio das subvencións nominativas outorgadas no período considerado (2012-2022) ascendeu a 39.994,78€. Hai que reiterar que neste apartado o importe medio das subvencións concedidas no mesmo período en réxime de concorrencia foi de 5.310,60€.

Ante a concorrencia de subvencións outorgadas para as mesmas finalidades por distintas administracións públicas resulta imprescindible a necesaria coordinación entre elas, para dar, así, cumprimento aos obxectivos propostos no Protocolo suscrito coa Xunta de Galicia para as Deputacións provinciais e evitar os efectos da concorrencia efectiva de distintas subvencións públicas á mesma entidade para a igual finalidade.

A forma normal de outorgamento das subvencións públicas prevista no ordenamento xurídico é a de concorrencia competitiva, conforme os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados. A este respecto hai que indicar neste apartado que a tramitación e a aprobación de Bases específicas para proxectos singulares nas áreas de Cultura, Deportes e Desenvolvemento territorial e Medio Ambiente permite que no exercicio 2020 se reduciara significativamente o número e a coantía das subvencións nominativas tramitadas en exercicios anteriores. Esta circunstancia queda reflectida no **Anexo 15** do presente informe.

A non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe ou do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución Española, no artigo 54 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas, e por tanto, pode constituír un dos supostos recolleitos no artigo 216.2.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación correspondente e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas Entidades e nas actividades ou investimentos subvencionados para a non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da



subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento, en todo caso, e especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda máis, cando ascenda ao 100% do orzamento do investimento ou da actividade obxecto de subvención.

Neste apartado resulta particularmente significativo o carácter recorrente dalgunhas subvencións nominativas outorgadas anualmente a determinadas entidades, tal e como se recolle no **Anexo 10** do presente informe.

A coincidencia do obxecto e finalidade dalgunhas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia con outras outorgadas nominativamente require dunha análise singular orientada a evitar as desigualdades que esta circunstancia pode xerar e a incluír a totalidade das subvencións tramitadas no procedemento de concorrencia competitiva coas previsións e consideracións que procedan nas Bases de convocatoria para asegurar os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade, sen prexuízo de tomar en consideración de forma obxectiva e adecuadamente ponderada as particularidades relevantes xuridicamente dos posibles beneficiarios.

Os convenios-tipo aprobados para a tramitación de subvencións nominativas requiren dunha redacción que permita incorporar o Control de Calidade das obras ou investimentos financiados, a tramitación dos contratos externos conforme os criterios da normativa de contratos do sector público, a participación dos técnicos provinciais nas comisións avaliadoras das ofertas nos procesos de contratación nas recepcións de obras ou investimentos e outras medidas orientadas a garantir a legalidade e eficacia na acción desenvolvida polas entidades beneficiarias.

Sinalar que, do total das 25 subvencións nominativas tramitadas no 2022 a favor destas entidades, se informaron sen reparo as seguintes:

EXPEDIENTE	OBXECTO	NIF	INTERESADO	IMPORTE CONCEDIDO
2022000000954	Voz Natura 2022	(G15620651)	FUNDACION SANTIAGO REY FERNANDEZ-LATORRE	72.000,00
2022000000566	Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal	(G70260906)	ASOCIACION BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS	70.000,00
2022000000564	Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2022	(G70450820)	ASOC BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	30.000,00
2021000043694	Funcionamento dos servizos prestados aos residentes no fogar de acollida no 2021	(T000000031)	ASOCIACION CIVIL BENEFIC.HOGAR ESPAÑOL-MONTEVIDEO-URUGUAY	60.000,00
TOTAL ENTIDADES				232.000,00

VIII.3.c).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrencia dirixidas a entidades con ánimo de lucro.

Entre os programas de subvencións en **réxime de concorrencia** incluíronse nove convocatorias dirixidas a **entidades xurídicas con ánimo de lucro destinadas a** :

UNIDADE	CONVOCATORIA
---------	--------------



CULTURA	FO300 Subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia
	FO301 Subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia
PROMOCIÓN ECONÓMICA	FO028B Agrarias Invetimentos
	DP0041 Programa de subvencións a entidades lucrativas para o desenvolvemento de festas musicais na provincia da Coruña durante o ano 2021
PEL	PEL MEDIDAS URGENTES COMBUSTIBLE SUMINISTROS
	PEL EMPRENDE INVERSION
	PEL AUTONOM@S
	PEL PEMS CREACION E AMPLIACION
	PEL PEMS MANTEMENTO

A evolución destas convocatorias dende o ano 2020 ao 2022 no que se refire ao número de subvencións concedidas é o seguinte:

NºEXPTEDIENTES POR CONVOCATORIA	CONCEDIDAS 2020	CONCEDIDAS 2021	CONCEDIDAS 2022
PEL REACTIVA II (HOSTELERÍA)	0	2645	0
PEL MUR-COMB_SUBM	0	0	1666
PEL PEMS CREA E AMP	182	412	381
PEL PEMS MANTENIMIENTO	56	86	167
PEL EMPRENDE INVERSIÓN	238	397	598
PEL AUTÓNOMOS	0	252	877
FO300 – PROXECTOS SINGULAR.	21	30	22
FO301 – AUDIOVISUAL	6	8	15
DP0041 – FESTIVAIS MUSICAIS	0	0	7
TOTAL	503	3830	3733

Polo que respecta aos importes concedidos, os datos son os que se indican:

ORZAMENTO POR CONVOCATORIA	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022
PEL REACTIVA II (HOSTELERÍA)	0,00 €	3.967.500,00 €	0,00 €
PEL MUR-COMB_SUBM	0,00 €	0,00 €	4.998.000,00 €
PEL PEMS CREA E AMP	2.248.264,31 €	5.398.088,53 €	3.498.861,19 €
PEL PEMS MANTENIMIENTO	516.368,20 €	864.306,36 €	1.554.056,01 €
PEL EMPRENDE INVERSIÓN	1.859.144,16 €	3.444.339,48 €	3.753.388,72 €
PEL AUTÓNOMOS	0,00 €	494.038,26 €	2.030.200,00 €
FO300 – PROXECTOS SINGULAR.	250.349,74 €	360.077,37 €	271.718,97 €



FO301 – AUDIOVISUAL	116.156,01 €	111.352,67 €	124.989,00 €
DP0041 – FESTIVAIS MUSICAIS	0	0	104.804,00 €
TOTAL PRESUPUESTO	4.990.282,42 €	14.639.702,67 €	16.231.213,89 €

(*) PEL REACTIVA II HOSTELERÍA : Carácter extraordinario da convocatoria para 2021.
PEL MUR-COMBUSTIBLES-SUMINISTROS : Carácter extraordinario da convocatoria para 2022.

Neste apartado debe facerse mención as seguintes consideracións:

- A apreciación no exercicio 2019 de dificultades na fiscalización e control financeiro no obxecto subvencionable de actividades , nos conceptos de estudos, informes e deseño de páxinas web de internet, convertíu estes conceptos en áreas de risco evidentes. Nos exercicios 2020 e 2021 non se convocaron subvencións para actividades con estes conceptos subvencionables.
- A non coordinación con outras Administracións Públicas, singularmente coa Xunta de Galicia, da lugar a numerosos supostos de concorrencia, que requiren do establecemento de criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade, que garantan as normas de xeral aplicación : límite da regra de "minimis" e adicionalidade (garantía dunha achega mínima con fondos propios da beneficiaria).
- Nas convocatorias da propia Deputación faise necesaria a determinación dos criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade.
- Por todas as razóns expostas, requírese unha valoración das condicións de xustificación das subvencións dirixida a entidades con ánimo de lucro.

Ao propio tempo, a Intervención provincial incluírá un apartado singular no Plan de Control Financeiro de subvencións para poder verificar as "áreas de risco " e as particularidades das subvencións outorgadas a entidades privadas con ánimo de lucro.

VIII.4.-Consideracións sobre outras acción de fomento a favor de persoas o entidades privadas.

As bolsas, tanto as procedentes de convenios como de bases aprobadas pola Deputación, teñen unha duración dun ano, prorrogable por outro máis. No entanto, dada a posibilidade de encadear prácticas curriculares e extracurriculares o tempo de permanencia na Deputación pode duplicarse, polo que se deberá actuar adoptando as cautelas e prevencións necesarias para garantir que as prácticas bolseiras non perdan, en ningún momento, a súa natureza exclusivamente formativa tanto pola súa duración como polas promocións que se poidan presentar ás convocatorias.

Aínda que no exercicio 2022 non se realizaron prácticas formativas, resulta conveniente imprescindible reiterar o manifestado polos servizos de xestión de recursos humanos e de fiscalización nos informes emitidos ao respecto :

- As bolsas deben estar amparadas en Convenios formalizados coas autoridades educativas competentes.
- Deben referirse a programas formativos detallados expresamente polas Universidades.
- Deben contar cun titor designado pola Universidade e outro pola Deputación con criterios de idoneidade técnica.
- Deben ser obxecto de avaliación periódica polas titorías designadas aquelas cuestións que se indiquen no programa formativo correspondente.
- Debe motivarse a súa duración do período de prácticas no programa formativo, coa especificación da duración atribuída a cada acción formativa nel contemplada.

Nos Convenios que se tramiten deben recollerse detallada e motivadamente tódolos aspectos indicados anteriormente e corresponderá as titorías garantir que as actividades que se leven a cabo polos bolseiros teñan carácter exclusivamente formativo.



VIII.5.- Necesidade de actualizar e mellorar o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial 2020-2022.

Para dar cumprimento as especificacións do propio Plan Estratéxico aprobado, resulta necesario, urgente e inaprazable a convocatoria da Comisión de Seguimento para a avaliación das accións que o integran.

Os obxectivos do **seguimento e avaliación** do Plan Estratéxico de Subvencións se contemplan no seu apartado 6.1, nos seguintes termos:

Os obxectivos do seguimento e avaliación do PES/DAC céntranse polo tanto en:

- "- Modificar, actualizar ou suprimir as actuacións de fomento que puideran ter perdido a súa vixencia ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos pretendidos.
- Actualizar os importes das que se manteñan en base aos orzamentos anuais aprobados.
- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias debido á detección de novas necesidades que, en todo caso, estean orientadas á consecución dos obxectivos previamente establecidos."

En relación coa súa **actualización**, o propio Plan establece no apartado 6.2, do seu texto normativo:

"O PES/DAC, polo seu **carácter programático** e de previsión, está supeditado ás circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do **seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas** se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.

En calquera caso, as modificacións deberán axustarse á lei, ás bases de execución orzamentaria da deputación, á realidade social existente en cada momento e fundamentalmente aos orzamentos do correspondente exercicio. E, en ningún caso, estas modificacións poderán prexudicar os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións xa recoñecidas e que tivesen desenvolvido as prestacións comprometidas coa Deputación.

As modificacións efectuadas durante o desenvolvemento deste PES/DAC 2020/2022, serán aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación.

Do mesmo xeito, o PES/DAC poderá ser obxecto de modificación se do seu estudo se evidenciara a conveniencia de incentivar certas actuacións de fomento, para acadar un maior grao de cumprimento dos obxectivos propostos."

Neste sentido, convén recordar o teor literal do artigo 8 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións:

*"1. Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los **objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación**, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria.*

2. Cuando los objetivos que se pretenden conseguir afecten al mercado, su orientación debe dirigirse a corregir fallos claramente identificados y sus efectos deben ser mínimamente distorsionadores.

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos."*

Por outra banda, a aprobación das diferentes Convocatorias posteriores a versión inicial do citado Plan Estratéxico requiren a súa valoración e actualización.



As consideracións recollidas no presente informe, as modificacións na normativa estatal e autonómica acaecidas, e o informe do Consello de Contas sobre os criterios de repartición de recursos entre Concellos a través dos Plans Provinciais e a eficiencia do gasto nas lexislaturas de 2003 a 2019, aconsellan a reflexión necesaria para a actualización do vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial 2020-2022.

O Plan Estratéxico de Subvención da Deputación Provincial 202-2022 foi prorrogado por acordo plenario do nº 61 do 22 de decembro de 2022.

Por outra banda, se require que o Plan Estratéxico de Subvencións non se limite a ser un mero catálogo ou inventario das convocatorias. Por elo se fai necesario incorporar ao Plan, e para cada convocatoria prevista nel :

- Indicadores obxectivos do resultados anuais.
- O seguimento dos obxectivos establecidos coa finalidade de avaliar o logro dos resultados esperados.
- Unha Memoria Anual de execución do Plan na que se examine o grado de cumprimento dos obxectivos estratéxicos establecidos, se analicen as adecuacións necesarias e se propoñan as medidas correctoras oportunas.

Se acompaña como **Anexo 19** a "Guía Xeral para a elaboración, seguimento, control e avaliación e publicidade dos Plans Estratéxicos de Subvencións " da Intervención Xeral do Estado, do Ministerio de Facenda.

O exposto recolle, en síntese, a opinión dos informantes que pon de manifesto á Presidencia da Corporación provincial para os efectos que considere oportunos.

A Coruña, 9 de marzo de 2023

A Xefa do Servizo de Fiscalización

O Interventor Xeral

Mª Dolores Velo Fuentes

José Manuel Pardellas Rivera